

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e seis de xaneiro de dous mil dezaoto, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Francisco José Fraga Civeira, don Miguel Bautista Carballo, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García e don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Está ausente a deputada dona Elvira Lama Fernández (do Grupo Socialista), que achega un escrito, xa validado pola Secretaría Xeral, onde indica o sentido do seu voto a todos os puntos que se van someter a votación, ao abeiro do establecido no artigo 7 bis do Regulamento Orgánico da Corporación.

O deputado do Grupo Socialista, don José Ignacio Gómez Pérez, estivo ausente na votación do punto quinto da orde do día.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2017.-

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de decembro de 2017, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

Non se formulan observacións e a acta do 22 de decembro de 2017 é aprobada por unanimidade.

2º.- PRÓRROGA DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE PARA O EXERCICIO DE 2018.

O Sr. presidente anuncia, tal e como se tratou na Xunta de Portavoces, que este punto e o seguinte se tratarán conxuntamente e que votarán por separado, e cédelle a palabra ao Sr. secretario.

O Sr. secretario dá lectura ás proposicións da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas presidente. Bo día a todas e a todos. Simplemente indicar que o noso sentido do voto, en ambos puntos, vai ser a favor. Nada máis, moitas grazas.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, presidente e bo día a todo o mundo. Nós votaremos a favor nos dous puntos estes, no 2 e no 3, da orde do día. Como xa se explicou é unha situación excepcional e, ao ser de concorrencia non competitiva, non se produce agravio ningún con ningún outro concello e tamén estamos nun estado inicial da tramitación; co cal o noso voto vai a ser a favor.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Establecer unha prórroga de dez (10) días hábiles no prazo de presentación de solicitudes de adhesión ao Programa de cooperación en materia de empregabilidade para o exercicio de 2018, a cal comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio do presente acordo no BOP.

2º) Publicar o presente anuncio no BOP, aos efectos indicados.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

3º.- PRÓRROGA DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN EN MATERIA DE MOCIDADE PARA O EXERCICIO DE 2018

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do Grupo do BNG (1) e a abstención do Grupo de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Establecer unha prórroga de dez (10) días hábiles no prazo de presentación de solicitudes de adhesión ao Programa de cooperación en materia de mocidade para o exercicio de 2018, a cal comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio do presente acordo no BOP.

2º) Publicar o presente anuncio no BOP, para os efectos indicados.

4º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á POSTA EN VALOR DA PONTE NOVA DE OURENSE NO CENTENARIO DA SÚA INAUGURACIÓN.-

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: ola, bos días. Posto que é o primeiro Pleno do ano, aproveitar para desexar un 2018 para todos. Xa coñecen o contido da moción. A Ponte Nova de Ourense cumpre 100 anos este ano. Na moción fálase un pouco do que foi a historia da ponte, do que supuxo para a cidade, os cambios urbanísticos que conlevou (mesmo sociais) e pensamos que, co gallo deste centenario, ademais de feitos simbólicos como o de adicarlle un selo de correos, etc.. vamos pedir na proposta de acordo:

Pedir ao presidente da Deputación que inste ao Ministerio de Fomento a que proceda a realizar aqueles traballos tanto de restauración como de limpeza, así como a renovación da iluminación da Ponte Nova de Ourense co gallo do seu centenario.

Entre os traballos de restauración estimamos importante, tal e como xa se especifica na moción, un arranxo do tráfico. Non sei se coñecen o problema, quen vive aquí na cidade ou quen visita con frecuencia a cidade coñecerá o problema de tráfico que temos nesa ponte; posto que en realidade é un solo carril en cada sentido, pero seguro que moitos de vostedes teñen percibido que no sentido cara á Ponte hai dous carrís. En rigor, é un só carril

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

porque non da o ancho oficial para que sexan dous carrís. O Concello non pode intervir porque non é competencia del arranxar iso. Entón, entre as medidas que consideramos importantes é (e que tampouco consideramos tan difíciles, bastaría con un pouco de vontade) arranxar ese problema de tráfico que, ao mellor, poderíase tamén *soliviantar* eliminando unha das dúas *aceras* e facendo algo máis ancha a outra, facendo que o tránsito *peatonal* circule só por unha delas para poder conservar algún deses dous carrís nalgunha das direccións. En todo caso, a proposta volvo a lela: *pedir ao presidente da Deputación que inste ao Ministerio de Fomento a que proceda a realizar aqueles traballos tanto de restauración como de limpeza, así como a renovación da iluminación da Ponte Nova de Ourense co gallo do seu centenario*. Nada máis grazas

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. Vou ser moi breve. A nós, en principio, custábanos atoparlle encaixe a esta proposta aquí, nesta Casa, porque parece ser que xa o propio Concello de Ourense está traballando no tema. En todo caso, coincidimos absolutamente co relatorio que nos parece totalmente impecable e non temos moito máis que achegar ao mesmo. Dikir que, independentemente do que dixen antes, de se esta pode ser ou non a institución máis acaída para termos este debate, sempre resulta positivo pór en valor, por calquera medio, o noso patrimonio material e inmaterial. Entón nós vamos a apoiar esta moción de Democracia Ourensana e vamos a votar a favor desta. Nada máis e moitas grazas.

Dona Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas presidente. Moi bo día a todos e todas. Creo que coincidimos case que no 100% da exposición de motivos e na proposta da moción. Si é verdade que tamén vamos a dikir que o encaixe nesta casa parécenos un pouco estraño. Xa entrando no que é o fío da moción, nós si que estamos de acordo coa exposición de motivos, non só polo elemento patrimonial que representa a Ponte Nova, que supuxo a modernización da cidade coa súa construción, senón porque esta é unha infraestrutura vital para a cidade. Si que é verdade que se fixeron, fai uns anos, uns labores de mantemento do pavimento. Actuación que poderíamos dikir de fachada, xa que se poden considerar de obrigado cumprimento polo tráfico que soporta, como vostedes saben é unha das vías de maior densidade. Creo que todos e todas os que pasamos diariamente pola Ponte Nova, vemos que son necesarias medidas que pasan pola

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

mellora da iluminación, da drenaxe, da varanda, a limpeza de vexetación e de *grafitis*; e, como non, o arranxo das beirarrúas que, ademais do seu estado, atopámonos con que son moi estreitas. É necesario pensar máis nos peóns e menos nos vehículos. Vou rematar xa dicindo que son necesarias unha serie de medidas para a posta en valor da Ponte Nova non só pola celebración dos cen anos; senón polo valor arquitectónico que representa. Moitas grazas.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. Bos días señoras, señores deputados, público presente nesta sala e demais que nos seguen a través de internet. Pois nada, señor Ojea, benvido a esas mocións que, para vostedes, din que non serven para nada: as de instar; benvido a elas. Este Grupo provincial, xa o anuncio agora, vai a apoiar a moción que vén de presentar Democracia Ourenzana; tanto polo que representa a Ponte Nova para a cidade, como por pura coherencia do Partido Popular. Apoio ao que representa a Ponte Nova porque, xa se dixo con anterioridade, a súa construción supuxo un antes e un despois na historia desta cidade, representando a chegada da modernidade a Ourense e posibilitando unha nova vía de comunicación para os cidadáns sobre o río Miño (recorden que, ata entón, só era posible atravesando a Ponte Romana). Coherencia co sentir e co facer do Partido Popular porque este partido, sempre que tivo responsabilidades de goberno na cidade, prestou especial atención á comunicación sobre o río Miño: aí está a Ponte do Milenio inaugurada no 2002; a pasarela peonil que comunica Ribeira de Canedo co centro comercial Ponte Vella aberta un ano máis tarde (é dicir, no 2003); máis recentemente as obras de mellora da pasarela peonil de Oira coa instalación de nova iluminación e, hai pouco máis dun ano, as obras de restauración e rehabilitación da Ponte Romana. Sempre tivemos claro que, despois de ducias de anos vivindo de costas ao río, a capital da provincia tiña que recuperar esta zona para a cidade, para uso e goce dos ourensáns e dos visitantes, con especial atención ás comunicacións entre ambas as dúas ribeiras. Temos, incluso, a gran sorte de que as pontes que cruzan o Miño teñen singulares características arquitectónicas, e mesmo históricas, que temos que poñer en valor (niso creo que estamos todos de acordo); e como non, o próximo centenario da Ponte é unha ocasión perfecta para darlle unha voltiña a esta estrutura na que o Partido Popular xa realizou tamén labores de rehabilitación e conservación do firme hai catro anos, no 2013, investindo preto de 100.000 €. Agora, a piques do seu cen aniversario, o Ministerio de Fomento notificou a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

inclusión desta ponte no programa de emisión de selos de correo e demais signos de franqueo para o ano 2018. Esta é a resposta de Fomento á petición formulada dende o Concello de Ourense polo seu alcalde, Jesús Vázquez, e canalizada a través do deputado nacional e presidente na Comisión de Fomento no Congreso, Celso Delgado, que, como vostedes saben, é un cualificado representante do Partido Popular. Unha iniciativa que se completará coa organización dun programa de actos en colaboración co Ministerio, outras institucións, o Colexio de Enxeñeiros de Galicia e outras persoas interesadas na conmemoración do citado centenario. Así, ademais da emisión por parte de Correos dun selo conmemorativo desta Ponte, tamén a Unidade de Estradas de Ourense do Ministerio está a colaborar co Concello facilitando a documentación existente desta ponte como planos, proxectos, orzamentos, reformados ou memorias; todo coa finalidade de preparar unha exposición que permita coñecer aos ourensáns a historia desta ponte e o que representou para a modernidade da cidade de Ourense. Pero, señor Ojea, señor Pérez Jácome, esta é unha parte das iniciativas adoptadas co motivo dos cen anos da Ponte Nova; xunto coas actividades de carácter conmemorativo que se organicen, o Partido Popular xa ten solicitado de Fomento que, con esta ocasión, se realicen unha serie de traballos de adecentamento e mellora dalgúns aspectos desta ponte. Falamos, por exemplo, do cambio de luminarias por outras de tipo *led*, o arranxo *losetas* das beirarrúas que se citaron aquí, a limpeza de *grafitis* e outras actuacións que se entendan necesarias para que esta infraestrutura poida lucir o próximo 21 de xuño data da celebración dos seus cen anos. Nada máis. Moitas grazas pola súa atención.

Don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: en primeiro lugar, agradecer o apoio de todos os grupos á nosa moción e, en segundo lugar, respondéndolle ao señor Plácido que nos dixo *benvidos ao de instar* (foi o mesmo comentario que fixo na comisión informativa unha representante do Partido Socialista); entón sinxelamente vou a ler a acta desa Comisión, di:

Don Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, expón o contido da moción. D.ª Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, congratúlase de que Democracia Ourensana presente esta moción e dálles a benvida ao instar. D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, respondendo ao comentario da Sra. Gil Álvarez, di que cre que a posición do seu grupo respecto ás mocións é clara, e así se manifestou reiteradamente polo Sr. Pérez

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

Jácome: o seu grupo considera que as mocións deben versar exclusivamente sobre cuestións da competencia da Deputación ou relacionadas coa provincia de Ourense, e por esa razón abstéñense nas mocións que teñen un obxecto diferente.

Eu penso que isto xa se aclarou varias veces, pero nunca vén mal recordalo. Nós abstémonos en todo aquilo que é instar a organismos por riba da Deputación cando o que se insta é algo que non garda relación nin coas competencias da Deputación, nin cos intereses da provincia de Ourense ou do Concello de Ourense. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade dos membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Pedirlle ao presidente da Deputación que lle inste ao Ministerio de Fomento para que proceda a realizar aqueles traballos tanto de restauración como de limpeza, así como a renovación da iluminación da Ponte Nova de Ourense, co gallo do seu centenario.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA FACERLLE FRONTE Á PRAGA DE AVESPA VELUTINA NA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución a esta moción e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas, señor presidente, de novo. Traemos aquí hoxe, a esta institución, unha moción sobre unha situación que si ben non acada os niveis alarmantes que está tendo noutras dúas provincias galegas, como son A Coruña e Pontevedra, aquí a verdade é que xa se está empezando a notar esta problemática, sobre todo na zona do Ribeiro-Carballiño e na Comarca de Ourense; vaise espallando segundo o curso do Miño esta especie invasora. Pero o certo é que sen chegar ao número da Coruña, no que o ano pasado houbo 14.000 avistamentos de niños da avésa asiática ou *Avespa Velutina*, como tamén se lle chama ou como se coñece, o ano pasado en Ourense houbo (están contabilizados nas estatísticas da Xunta) 522 niños; pasando de non haber ningún no 2014 a, tres anos despois, rematar con 522 e seguramente vaia a máis porque o número de niños crece exponencialmente. É certo que existe un

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

protocolo da Xunta de Galicia, Consellería de Medio Rural, no que participan o resto das institucións que o que pretende é coordinar esas actuacións. No caso desta institución, da Deputación Provincial de Ourense, a través do Consorcio Provincial contra incendios que, segundo o protocolo de vixilancia e control, pode intervir tamén e, sobre todo, os Grupos de Emerxencia Municipal, sendo Ourense a provincia que máis Grupos de Emerxencia Municipal ten encomendado para esta función. Xunto cos GES hai tamén concellos colaboradores coa propia Administración e existen tamén concellos que son levados por Medio Ambiente - aqueles que teñen espazos dentro da Rede Natura - e tamén pola Consellería de Medio Rural. Falado e visto os medios que teñen os GES nesta problemática, e tamén os parques de bombeiros, nós o que propoñemos aquí, e así debullarei despois as propostas que facemos, é o incremento da dotación, tendo en conta o xeito de medrar exponencial desta praga. Si, praga, porque é unha especie invasora que se introduce no ecosistema e que causa danos importantes tanto na produción apícola, como na froitícola, tamén xera alarma entre a cidadanía e, como non, tamén medioambientalmente porque é unha especie alóctona que se introduce nun ecosistema existente. Entón, sendo esta problemática de importancia, e máis que vai ser, parécenos que os medios que existen son escasos para facerlle fronte. Por aí vai unha das nosas primeiras propostas que é pedir que *a Deputación Provincial dote, durante o primeiro semestre do 2018, cos medios necesarios aos Grupos de Emerxencias Supramunicipais -ós GES- e ao persoal do Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo contra Incendios e de Salvamento que teñan encomendadas as funcións de control e erradicación da praga da Vespa Velutina*. Pero, ademais das actuacións, hai outro piar que é o da difusión e o da información á cidadanía. É importante que a cidadanía saiba a que praga nos enfrontamos e por iso pedimos que *a Deputación Provincial elabore un protocolo informativo que inclúa un plan de comunicación pública sobre a praga para apicultores -importantísimo- e veciños e veciñas interesados mediante charlas impartidas por expertos na materia ou persoas previamente formadas, seguindo o establecido nese programa de vixilancia ao que aludín antes*. Outro piar fundamental, porque solo coa eliminación dos niños da *Avespa Velutina* non imos dar solucionado a problemática (se é que se soluciona), o terceiro piar é o da investigación; por iso pedimos que *a Deputación Provincial, mediante un convenio cos expertos que xa investigan a avespa velutina no Campus Universitario de Ourense, se*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

dote dunha asesoría científico técnica que permita determinar as particularidades do control da praga en Ourense, debido as especiais e diferenciadoras condicións climáticas e medioambientais da provincia. Este é o contido da moción e este é a miña primeira intervención, moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. No ano 2012 a *Avespa velutina* aparece nas nosas vidas e aséntase no noso territorio e, a partir de aí, empeza a súa expansión. Esta expansión está a producir un dano medioambiental importantísimo, mais tamén se falou un dano importante para a apicultura, un sector pequeno que a duras penas é capaz de soportar os estragos causados pola presenza desta praga e que, de continuar así, podemos asistir nos vindeiros anos á desaparición da apicultura como oficio. Se non protexemos aos nosos apicultores quedan as portas abertas á importación de mel de peor calidade, procedente de China na súa meirande parte. Maila aos retrasos e eivas denunciadas na xestión do problema, retrasos na retiradas dos niños, escaso persoal técnico e medidas de contención, é importante respectar os protocolos de actuación coa *velutina* para non prexudicar á nosa biodiversidade autóctona. A avespa galega compite polo territorio coa *velutina* de xeito que se prexudicamos á primeira, facilitamos a extensión da invasora ao eliminarmos o seu inimigo natural. Dende o BNG vimos reclamando, dende hai tempo xa, das Administracións máis medios materias e persoal para loitar contra a invasión da avespa asiática, como esixiu o propio sector apícola; mais tamén cómpre ter coidado na aplicación das medidas de control e erradicación e identificar correctamente á invasora. Non queremos que a nosa avespa autóctona, e por extensión abellas e outros insectos polinizadores, sufran aínda máis danos que os que xa está a producir a *velutina*, as pragas apícolas ou os mesmos pesticidas. A plataforma Stop Velutina, da que forman parte máis de cincuenta entidades afectadas, presentou a través de todos os Grupos parlamentarios da oposición unha proposición non de Lei para instar á Xunta a tomar medidas máis efectivas contra esta praga; porén a proposta non saíu adiante polos votos en contra do Partido Popular, aducindo que xa estaban postas en marcha as medidas precisas. Esta plataforma advirte que da eficacia das medidas a tomar depende a supervivencia do sector apícola en Galiza e, como digo, do mel galego. ¿Por que consideramos que non son suficientes as medidas que se están a implementar dende o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

executivo galego? Non é suficiente que a Xunta lle entregue as trampas aos apicultores. Estas trampas serven para exercer presión sobre a invasora, pero non serven para controlar a especie. Para que esta medida fora máis efectiva, habería que facer un trampeo máis masivo, coordinado e extensivo a lugares fóra do que son os apiarios, algo que non se está a producir. Centrar os esforzos e os cartos na retirada de niños é unha medida necesaria cando son unha fonte de perigo por estar cerca das casas, en lugares concorridos; mais non é eficaz para controlar a especie por varios motivos. Primeiro, polo grandísimo número de niños existentes e segundo, porque dos niños que se avistan aos que realmente hai, hai unha diferenza abismal porque nunha masa forestal tan densa e tan grande como a galega apenas son perceptibles unha terceira parte, segundo os expertos. Incumprimento de promesas no protocolo de control da *velutina* por parte do goberno elaborado en 2016 como é o trampeo primaveral que agora só están a facer os propios apicultores. Tamén algo tan necesario como a investigación, como tamén se fala na moción, non se está realmente a facer; é necesario asinar novos convenios coas universidades para que por parte dos laboratorios desenvolvan liñas de investigación co obxectivo de atopar ferramentas útiles na loita biolóxica contra a *velutina* que permita frear o avance da especie a medio e longo prazo e sen que iso teña efectos prexudiciais para o medio ambiente. Falla un orzamento específico para combater a *velutina*, a semellanza do que está a facer outros lugares, caso de Asturias e Cantabria; nesos territorios os seus comités asesores, análogos á Comisión de Seguimento en Galicia, están a tomar medidas de contacto directo e permanente coas asociacións do sector que son membros deses comités, de tal xeito que os recursos deses gobernos destinados a esta loita son pactados entre as partes. En Asturias xa teñen acordado destinar medio millón de euros, financiarán a través dunha liña de subvencións a colocación de trampas e destinarán aproximadamente 100.000 € aos concellos. En Cantabria veñen de aprobar un orzamento de 24 millóns de euros nun plan a dez anos de loita contra as especies invasoras, dos cales 400.000 vanse a dedicar no ano en curso. A Xunta comprometeuse no seu día a dar axudas aos apicultores e produtores de froitas, que son os que están a soportar os danos producidos cando estamos a falar dun problema de saúde pública, pero a realidade é que a día de hoxe aínda están agardando. O Goberno galego non é consciente do problema económico, social, medioambiental e mesmo, como digo, de saúde pública que supón a *Avespa Velutina*; porque de ser así non terían rexeitado a proposta dos grupos da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

oposición, como xa dixen anteriormente, en nome da plataforma de afectados que se presentou no Parlamento e por iso non vemos que se vaian a implementar máis medidas que as xa existentes que, como xa digo, son insuficientes e en moitos casos ineficaces. Parece que desde o propio Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente analizarán e revisarán a estratexia de loita contra a avésa asiática, que así é como se denomina o documento. Agardemos que esta posta de pilas do propio Ministerio faga que o Goberno galego vaia a *rebufo*. É profundamente triste que teñan que vir de fóra as solucións, pero se serve para que o propio executivo galego reaccione, benvido sexa. Os expertos din que non é posible a erradicación total da *velutina*, a Xunta di que hai que convivir coa invasora; nós dicimos que para convivir, primeiro hai que vivir. Nós vamos a apoiar a moción do Grupo Socialista tal e como ven formulada inicialmente. De momento nada máis. Moitas grazas.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Nós, fai uns cantos meses, presentamos unha moción sobre especies invasoras vexetais e xa naquel momento, cando a redactamos, xa consideramos a posibilidade de incluír na moción tamén o aspecto das especies invasoras animais, como o da *velutina*; o que pasa que naquel momento ao final rexeitámolo porque nos demos conta de que era unha problemática diferente, as especies vexetais invasoras e as especies animais, entón naquel momento presentamos solo a moción relativa ás especies vexetais, pero a nosa preocupación polas especies invasoras animais xa a tiñamos naquel momento. Démonos conta que, dende o ámbito dos concellos, tiña máis senso actuar sobre as especies vexetais porque están intimamente ligadas ao territorio, expándense cunha velocidade moito menor no ámbito xeográfico; sen embargo, claro, as especies animais expándense, no caso concreto da *velutina*, dun xeito totalmente aleatorio, pode, ao mellor, nunha sola noite un enxame percorrer varios quilómetros, non están tan relacionadas cos termos municipais. As abellas non saben moi ben onde termina un concello e onde comeza outro, expándense máis ben seguindo os biótopos. Entón, naquel momento démonos conta, como digo, de que a problemática era distinta. Unha moción similar foi formulada no Concello de Ourense e nese momento abstivémonos porque tamén estaba redactada noutros termos. Xa, como dicía antes, cando consideramos a posibilidade de traela fai xa tempo ligada á das especies vexetais, démonos conta de que as competencias directas estaban en mans da Xunta de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

Galicia, polo menos no que é o control biolóxico ou a retirada de niños; pero si que xa nos demos conta -e así falou a miña compañeira que defendeu esta moción no Concello- de que un labor moi importante, ademais desa, era un labor de información, de concienciación da cidadanía, máis ou menos nos termos en que tamén se fala nas propostas de acordo da moción do Partido Socialista, informar á poboación dos riscos, do xeito de comportarse en caso de que haxa un ataque desta especie, etc.. Nese sentido si que entendemos que os concellos e incluso a Deputación poden actuar. Imos a votar a favor porque, como digo, máis ou menos nos termos en que está redactada a moción, si que entendemos que son competencias da Deputación, que son accións positivas que poden ter lugar. Pero tamén, creo que xa o apuntou o do Bloque, hai unha cousa moi importante que é o propio control biolóxico da praga, *o sea*, as propias especies autóctonas, as abellas do noso país, e as avésporas exercen presión porque compiten polo mesmo nicho ecolóxico, compiten polos mesmos recursos e polos mesmos alimentos. Entón, ao marxe do control da praga que pode facer o ser humano ou as institucións, a propia natureza galega debería poder defenderse con estas especies competidoras e pouco favor lle facemos se cos pesticidas - xa se falou aquí do glisofato e similares - debilitamos o que poderíamos chamar o sistema inmunolóxico da nosa natureza, debilitamos as especies autóctonas e debilitamos as defensas naturais que a propia natureza podería ter contra esa especie. Esa é unha cousa que tamén hai que ter en conta, ao mellor temos que competir nos dous ámbitos. O ser humano ten que combater dende as institucións e á propia natureza galega témoslle que axudar a que se defenda, ao mellor non utilizando os pesticidas, ao mellor analizando o tipo de flora non autóctona ou tamén invasora que podería facilitar ese combate, etc, etc. De todos os xeitos, como ese xa é un tema de expertos, vamos a supoñer que fan o que poden. Dende logo o discurso do Bloque instando ao Goberno galego a que mellore a súa maneira de traballar, ese é un discurso que, ao mellor, habería que facer no Parlamento; pero como o que se trata aquí é de apoiar estas accións concretas, bastante limitadas nos seus efectos, que propón o Partido Socialista, para este caso concreto votaremos a favor. Nada máis. Grazas.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular: moitas grazas señor presidente. Moi bos días señoras e señores deputados, público presente no salón de Plenos e a todos aqueles que nos seguen vía web. Vaia por diante que este Goberno provincial coincide na exposición que vén de facer o Grupo Socialista sobre os *dañinos* efectos que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

está a ter a expansión da *Avespa velutina* como especie invasora no noso medio ambiente e as importantes perdas económicas que supón nas producións apícolas e mesmo a súa influencia en actividades forestais agrarias e ademais a alarma social que este insecto está a xerar nos veciños da nosa provincia. Calquera acción encamiñada a erradicar ou, cando menos, controlar a expansión da avespa asiática é merecedora de toda a nosa atención; máxime, como dicía antes, cando está a afectar ao sector apícola onde España é o principal produtor de mel da Unión Europea e sitúase entre os 12 primeiros países do mundo co maior número de colmeas e apicultores especializados. Galicia é a terceira comunidade en número de explotacións e a provincia de Ourense, que é o caso que nos preocupa, representa, segundo os datos do ano pasado, case que o 45 % do censo apícola de Galicia e produce practicamente a metade do mel galego, cunha notable evolución nos últimos seis anos tantos nos ámbitos semi - profesional, como profesional (teñamos en conta que o sector apícola no ámbito rural é un sector que cada vez está tendo máis forza e é un sector que nos pode axudar a desenvolver o mundo rural). Con todo, a provincia de Ourense, tal e como se dixo aquí xa, é das menos afectadas pola presenza da *Avespa Velutina* cuxa expansión concéntrase no resto das tres provincias galegas, con moitísima máis incidencia en Coruña e Pontevedra como así se reflicte neste mapa correspondente á detección de niños da *velutina* no ano 2017 con datos a 9 de xaneiro do presente ano. Esta realidade que se reflicte en datos obxectivos, non supón, baixo ningún concepto, que a provincia de Ourense estea a salvo da invasión e colonización da avespa asiática que aínda que sexa unha obviedade, como dicía aquí o señor Armando, nin entende de xeografía, nin de mapas; polo que calquera iniciativa que adoptemos en defensa do noso medio e do sector apícola suporá adiantar traballo no ámbito da prevención e poñer trabas á súa presenza no noso territorio. Dado que a súa expansión afecta en maior ou menor medida, pero sempre moi significativa, ao conxunto da nosa comunidade, a Xunta de Galicia elaborou en 2014 un programa de vixilancia e control deste insecto; programa revisado e actualizado no ano 2016 dada a importante colonización sufrida nos anos 2014 e 2015. Ese documento actualizado establece unha serie de obxectivos coa aplicación de diversos métodos de control, como por exemplo, a captura das raíñas, un sistema coordinado de detección e comunicación da presenza da avespa no territorio ou protocolos de actuación para a eliminación precoz de niños, formación para o persoal encargado da súa captura e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

destrución ou divulgación da información necesaria á cidadanía; sen esquecer o fomento das investigacións. Todas estas actividades estanse realizando. Aínda máis, a Xunta de Galicia, tal e como xa se nomeou aquí, constituíu unha comisión de seguimento na que están representados os concellos -da provincia de Ourense tamén- por medio da Federación Galega de Municipios que impulsou unha rede de concellos colaboradores no control da *Avespa Velutina* e que participan directa e activamente na retirada de niños no seu ámbito municipal, ben a través das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil, ou dos Grupos Supramunicipais de Emerxencias -os GES- coa debida formación do persoal e mesmo co material concreto (pértegas cedidas polo Goberno autonómico). Tamén temos que dicir, tal e como se falou aquí, que nesta provincia neste momento bombeiros do Consorcio Provincial de Incendios tamén está actuando na retirada de niños de *Avespa Velutina*. Polo que respecta á Deputación de Ourense, esta institución carece de competencias para desenvolver pola súa conta un programa concreto, ou específico, de loita contra especies invasoras. Unha liña de actuación independente que, por outra banda, non beneficiaría a ninguén xa que estamos a falar dun problema que afecta a toda Galicia e, non obstante, a Deputación si que amosa todo o seu máis absoluto compromiso co apoio desta batalla. ¿Que podemos facer dende esta institución? Miren, a finais do pasado ano, concretamente a finais do mes de novembro, mantivemos diversos contactos coa Agrupación Apícola de Galicia no marco do desenvolvemento dun proxecto en colaboración coa Universidade de Vigo, concretamente coa área de apicultura situada no Campus de Ourense, para a creación dun apiario experimental para a mellora e desenvolvemento de métodos de apicultura e a protección das abellas fronte á *Avespa Velutina*. Un centro no que se levarían a cabo estudos para o desenvolvemento de sistemas da mellora da produción apícola e de protección das abellas fronte á *velutina*; un centro de investigación no que esta Deputación ten a vontade de participar. ¿Por que en Ourense? Como xa dixen ao inicio da miña intervención, a provincia de Ourense é a maior área apícola de Galicia, a provincia con maior número de apicultores, maior número de colmeas, maior grao de profesionalización e con maior capacidade produtora de mel. E non esquezamos outros aspectos como a posibilidade de dar un pulo a actividade sustentable no medio rural, ou nas condicións bioclimatolóxicas e a flora que fan da nosa provincia o territorio máis interesante para promover a diversificación da produción apícola. E, ¿por que coa Universidade de Vigo?

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

Pois non esquezamos que no ámbito científico-tecnolóxico o Campus de Ourense está especializado no sector agroalimentario dende o ano 1990. Un grupo de investigación vén de traballar en tarefas de formación, investigación aplicada e innovación relacionadas coa apicultura. Pero aínda estamos a desenvolver outra iniciativa realmente innovadoras e pioneiras na loita contra a *velutina*. Refírome ao uso dos drons para atacar por vía aérea os niños desta especie inxectando unha substancia que provoca a morte da colmea. Como saben, estas avespas sitúanse maiormente en árbores moi altas e, as veces, coa propia pértega non se chega; entón dende o Consorcio Provincial, dende a Deputación, estamos fomentando a investigación e o uso de novas tecnoloxías para a erradicación destes niños e un exemplo diso foi o uso dos drons como vostedes viron que se fixo xa fai máis dun mes, mes e medio. Xa tivemos outras experiencias como o uso de drons en situacións de emerxencias e agora estamos a estudar novos métodos de control da *velutina* con estas novas tecnoloxías. O uso dos drons ten como vantaxe unha maior accesibilidade aos niños, xa que en moitas ocasións a altura á que están situados ou mesmo o lugar no que se atopan, no medio do monte, dificulta enormemente o achegamento; sen esquecer a seguridade (que é un dato moi importante) para as persoas que ofrece ao non ter que aproximarse ao niño. En apenas dez minutos o dron aproxímase ao niño, desprega o veneno e no interior neutraliza o hábitat da raíña e mata o propio niño. Como poden ver, este goberno provincial xa adoptou diferentes medidas para sumarse á loita contra a avésa asiática; aínda que por suposto, acolleremos con agrado todas as propostas e ideas que nos axuden a combater e controlar a expansión da *velutina* polo noso territorio. Simplemente dicirlle que a razón de presentar a nosa emenda é a de non duplicar os gastos, xa que a Xunta de Galicia xa está facendo todo o que vostedes piden na súa propia moción. Nós o que lle pedimos na nosa emenda xa o ven vostedes nos acordos e llo direi na miña seguinte intervención. Moitas grazas.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Para non repetir o mesmo, teño que dicir que nos agrada que concordemos -tanto o grupo maioritario, como o resto dos grupos- na preocupación pola problemática, no diagnóstico tamén da situación e tamén, aquí xa non todos concordamos, en que a Xunta a está facendo todo o necesario; vostedes din que si, nós sostemos o contrario porque a realidade é a que é, non hai máis que ver o mapa que di vostede. É certo que isto non se vai

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

a solucionar da noite para a mañá, pero tamén é certo que son constantes as queixas de que o protocolo existe, pero o protocolo non se está cumprindo. Fala vostede de que é necesario non duplicar os esforzos nin duplicar os medios; evidentemente estamos de acordo. Tamén fala de que é competencia da Xunta de Galicia maioritariamente, así é; pero tampouco podemos esquecer que esta Deputación forma parte, e financeiramente aínda vai ser unha parte máis importante, nos GES e tamén que esta Deputación forma parte do Consorcio Provincial de Incendios e Salvamento que tamén está retirando niños, sobre todo na zona onde máis existen, no Carballiño - Ribeiro. Pero, non duplicando os esforzos, vostede fala e se contradí co uso dos drons nos medios que veñen reflectidos no propio programa: *material de control fronte a vespa velutina*, así se chama no protocolo de vixilancia, aí non veñen os drons. Non impide que usen os drons que me parecen unha ferramenta axeitada, non a única, para facerlle fronte a esta praga. Como tampouco impide este protocolo que, dende esta Deputación, se faga un esforzo tendo en conta esta problemática e tendo en conta como vostede ben dixo que a provincia de Ourense produce en torno ao 40 % do mel de Galicia, que esta Deputación faga un esforzo e dote de medios, dos que faltan, aos GES - que non todos teñen o material necesario - e doten tamén de medios aos propios parques de bombeiros que non todos dispoñen de pértega. ¿Por que? Porque é importante atallar isto. ¿Impídelle a esta Deputación, pese a non ter esta competencia e se a Xunta non está cumprindo axeitadamente, impídelle algo a esta Deputación que axude e poña os medios necesarios? ¿Por que neste primeiro semestre do ano? Porque é cando son máis vulnerables as avespas rañas. Vostedes o que fan na emenda é pasarlle a pelota a Xunta de Galicia. ¿Que a Xunta lles vai poñer os medios, non os ten que poñer esta Administración? Parécenos moi ben. Pero se non os pon, o que lle pedimos nós é que dende esta Deputación se poñan os medios necesarios. Tampouco abonda, no punto dous, coa campaña de información aos apicultores e aos cidadáns porque non chega. A maior parte da poboación do rural non da accedido á información que hai na web da Consellería; que está ben a información que hai na web da consellería, pero é que en moitos sitios non hai cobertura suficiente para poder acceder a ela e, despois, dígalle vostede a moita xente maior dos pobos para atopar, aínda me foi complicado a min, para atopar o apartado da *velutina*, ¿como o van a atopar?. Entón, é necesario vía charlas, é necesario tamén cooperar cos apicultores da provincia, como igual están cooperando outras deputacións. Despois,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

¡home!, a última proposta que vostedes nos fan é practicamente a mesma que a nosa, só cambiando a orde das palabras. É dicir, concordo co que dixo o señor Ojea e concordo co que dixo antes tamén o señor deputado do BNG, o señor Rodríguez, no sentido de que é fundamental a investigación. Sen investigación non atallaremos, ou polo menos non controlaremos esta problemática que moito me temo que chegou para quedarse. Nós non lle podemos votar a favor das súas emendas porque, permítame, xa non falamos da *Vespa Velutina*, pero falamos do cuco, é como o cuco que pon os ovos en niño alleo. Vostedes o que veñen con estas emendas é poñer os ovos en niño alleo. Moitas grazas.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: grazas señor presidente. Moi brevemente, simplemente para apuntar algúns dos argumentos que xa se puxeron por riba da mesa. En primeiro lugar, este fiar á Xunta a solución do problema que se nos formula desde o Partido Popular parécenos que non é o máis acaído; porque como dixer na miña primeira intervención, a propia Xunta de Galicia está a incumprir o protocolo, entón, a non ser que cambie a dirección dos acontecementos e realmente se impliquen co problema e se impliquen coas medidas que eu recordei na primeira intervención (que xa se formularon por certo no propio Parlamento), pois parécenos que iso é botar balóns fóra e deixar o tema exclusivamente en mans da Xunta, pois non é dende logo a solución, pensando tamén en clave provincial. E dende logo, o de escudarse en que a Deputación non ten competencias no asunto, ¡pois home!, tamén nos parece un achaque máis que outra cousa; porque a propia Deputación non ten competencias en cantidade de temas e máis exerceas perfectamente e non ten ningún problema, co cal iso non nos parecería un argumento de peso á hora de rexeitar a moción. En todo caso, reiterar o noso apoio á moción tal e como está formulada nos mesmos termos e, en canto á emenda, estaremos, como facemos habitualmente, ao que diga o grupo propoñente que é o Grupo Socialista. Nada máis. Moitas Grazas.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Eu xa dixer na miña primeira intervención que xa sabemos que as competencias directas e as obrigacións directas nesta materia tenas a Xunta de Galicia e recordei que esa foi a razón pola que, xa hai uns meses, non incorporamos a loita conta a *velutina* nunha moción que trouxemos sobre especies invasoras. Sabendo que as obrigacións e as competencias directas son da Xunta de Galicia, o que si pode facer a Deputación é o que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

di a moción: colaborar. Porque colaborar pode facelo ata un filántropo. Imaxinen que mañá, Amancio Ortega decide regalar aos GES uns cantos drons ou unhas cantas pértegas. Quero dicir, non é a competencia do señor Amancio Ortega combater a *velutina*, pero si é un dereito que ten, unha posibilidade que ten de colaborar. Si o pode facer o señor Amancio Ortega, como non o vai poder facer a Deputación. Digo Amancio Ortega por poñer un exemplo, é dicir, calquera persoa, incluso particular, podería nun momento dado facer unha doazón ou unha axuda neste senso. Volvo a repetir, nós estamos cinguíndonos ao que di a propia moción que vai máis alá do que serían as obrigacións ou as competencias directas da Xunta. Estamos falando de que a Deputación dote os medios necesarios; non especifica cales, iso xa é unha cuestión dos técnicos, que si son drons, que si son pértegas, que se son cousas novas que pode achegar a tecnoloxía, aplicacións informáticas que dalgunha maneira puideran utilizarse, aí non está especificado. Despois, fala dos protocolos informativos, dos cursos, das charlas, iso é tamén é unha cousa que se podería facer e que incluso poderían facer pola súa conta asociacións de veciños ou outras entidades, canto máis que a Deputación apoie esta clase de eventos. Pensamos que as propostas do PSOE non interfíren para nada co que son as competencias propias da Xunta de Galicia ao respecto e que o único que poderían facer sería axudar a resolver o problema. En canto á moción do Partido Popular, si, estamos acostumados a que sempre se emenden, non sei se por un ánimo de nunca darlle á razón aos partidos da oposición nos termos en que eles escriben as mocións. Si que moitas veces parece que se apropián de ideas da oposición, como o *Cuculus canorus*, que é o nome científico do *cuclillo* como se di en castelán, iso xa ten pasado varias veces. Neste caso concreto a emenda non chega ao grado de *retorcemento* doutras ocasións, pero si que parece tamén un pouco caprichosa. Nós tamén nos ateremos, no que respecta á moción do Partido Popular, ao que diga o grupo propoñente ao respecto. Grazas.

Don Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: moitas grazas señor presidente. Non sei onde din vostedes que botamos balóns fóra. Resulta que esta Deputación foi a primeira de Galicia que propuxo pagar o 40% dos Grupos de Emerxencia Municipal que teñen competencia na *velutina*. Aí xa poñemos recursos. Resulta que esta Deputación forma parte do Consorcio Provincial de Incendios que está retirando niños de *velutina* en bastantes zonas da provincia e, aí, tamén poñemos recursos. Resulta que esta Deputación Provincial

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

achega o 100% dos recursos dos bombeiros do polígono industrial e do parque de San Cibrao e aí tamén estamos retirando niños de *velutina*. Resulta que esta Deputación tamén achega recursos ao parque de bombeiros da Mancomunidade de Celanova e tamén están retirando niños de *velutina*. Non sei de onde sacan vostedes o de balóns fóra. Tamén lles comentei hai un pouco que estamos coa Asociación Apícola de Galicia, aquí teño o acordo que nos pasaron xa no mes de novembro, as peticións e as conversas que mantivemos con eles para fomentar a investigación. Repito, de balóns fóra non sei. Outra cousa lle quería dicir ao señor de Democracia Orensana, eméndase cando procede, non hai un afán de emendar; eméndase cando procede e neste caso procede. Hai cinco minutos non procedía, vostedes presentaron unha moción e votóuselle a favor, que eu recorde, sobre a Ponte Nova. Mire a razón: como lle explicamos, a Xunta de Galicia está tomando medidas no asunto; a uns pódennles parecer suficientes e a outros non, a min non me parecen suficientes, pero quizais non sexan polo esforzo, senón que sexa polo problema existente. A razón da nosa emenda é non duplicar, como lle dicía, non esforzos, senón gastos facendo o mesmo. Vostedes din material, material xa se está subministrando, e bastante material. Creo que nunca houbo, dende a Dirección Xeral de Emerxencias, nunca se repartiu tanto material aos Grupos de Emerxencias como nestes dous últimos anos, e con cabeza, quero dicir: remolques, pértegas e demais. Vou lles dicir os acordos que nós lle propoñemos para que repensen a súa postura os grupos da oposición, porque realmente creo que van un pouquiño similares á súa liña. O primeiro acordo que lle propoñemos é que *a Xunta de Galicia siga a proporcionar os medios materiais necesarios, como vén de facer segundo o Protocolo de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática, á rede de concellos colaboradores no control desta especie e que participan directa e activamente na retirada de niños no seu ámbito municipal, ben a través das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil ou dos Grupos Supramunicipais de Emerxencias e mesmo coa utilización de novas técnicas como o uso de drons*. Quérolles recordar que na Rede de concellos colaboradores está a FEGAMP e, como vostedes saben, na FEGAMP o presidente non é do Partido Popular. E logo: *Que a Xunta de Galicia reforce a campaña de información aos apicultores e cidadáns, tal e como sinala o citado protocolo de actuación, que inclúe folletos e carteis informativos, charlas informativas e información permanentemente actualizada no sitio web da Consellería do Medio Rural*. E por último: *Que a Deputación de Ourense, mediante*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

un convenio de colaboración, apoie á Agrupación Apícola de Galicia e a Área de Apicultura da Universidade de Vigo no Campus de Ourense no seu proxecto de protección ás abellas fronte á Avespa Velutina, tal e como ven de negociar a institución provincial desde novembro de 2017. Nada máis e moitas grazas.

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas de novo señor presidente. Xa para pechar, señor Pérez, vostede mesmo, non botan balóns fóra pero na nosa moción onde nós dicimos *que a Deputación Provincial dote durante o primeiro semestre do 2018 cos medios necesarios aos equipos de emerxencia*; vostedes din *que a Xunta de Galicia siga a proporcionar os medios materiais*. Se iso non é botar balóns fóra... Pero é que no punto dous, nós dicimos *que a Deputación Provincial elabore un protocolo informativo que inclúa un plan de información pública sobre a praga*; vostedes din *que a Xunta de Galicia reforce a campaña de información aos apicultores e cidadáns*. ¿Que cambia? Cambia a Deputación pola Xunta de Galicia, basicamente. Se iso non é botar balóns fóra, ¡que veña Deus e o vexa! Pero, a parte diso, ¿por que nós pedimos que se implique esta Deputación? Porque estamos vendo que o que fai a Xunta é, a todas luces, insuficiente, xa se dixo aquí. E vostede mesmo, recoñeceuno e ¿como o recoñece? Falando da participación e da implicación dos parques de bombeiros; incluso do do polígono de San Cibrao e do intermunicipal de Celanova (non sei moi ben como é a súa denominación). Entón, ¿que se está recoñecendo implicitamente? Que os medios son os que son. Pero é que máis, que son os que son e que son insuficientes para atallar esta problemática. É máis, nos concellos - nos que leva directamente a Xunta - chámase ao 112 e despois vén unha empresa coa que a Xunta ten convenio ou contrato a retiralos. Mire vostede o que tarda esa empresa en vir retirar os niños. É certo que, cando é no outono, non ten xa maior incidencia; pero sobre todo na primavera mentres a raíña anda por aí adiante polinizando e criando larvas si que ten a súa importancia acudir con rapidez. Mire vostede os medios cos que contan os GES e a información e formación, por non lle falar da veciñanza. Si, están pendurados no apartado correspondente da web de Medio Rural uns folletos, pero ¿a xente coñéceos? A súa maior parte non. Non sabe como reaccionar ante esta praga. ¿Que se pide na moción? Moi sinxelo, a implicación desta Deputación onde a Xunta non chegue. Iso non é duplicar, iso é suplir o que falta. Despois vostede fálanos dos contactos, na terceira, é que na terceira di máis ou menos o mesmo ca nós - fíxese se é retorcemento ou non - cambiadas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

as palabras de sitio, empregando algún sinónimo. ¿Que problema hai en facerlle fronte a isto e en apoiar o que se di?. Lamentándoo moito, non podemos votarlle a favor das súas emendas. Sairá esta moción, vostedes teñen maioría, coas súas emendas. Están no dereito de emendar, ¡só faltaría que non puidesen!, pero eu xa lles digo que neste caso é botar balóns fóra e é un erro. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, que é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

A continuación somete a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Que a Xunta de Galicia siga a proporcionar os medios materiais necesarios, como ven de facer segundo o Protocolo de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática, á rede de concellos colaboradores no control desta especie e que participan directa e activamente na retirada de niños no seu ámbito municipal, ben a través das agrupacións de voluntarios de Protección Civil ou dos Grupos Supramunicipais de Emerxencias (GES), mesmo coa utilización de novas técnicas como o uso de drones.
2. Que a Xunta de Galicia reforce a campaña de información aos apicultores e cidadáns, tal e como sinala o citado protocolo de actuación, que inclúe folletos e carteis informativos, charlas informativas e información permanentemente actualizada no sitio web da Consellería do Medio Rural.
3. Que a Deputación de Ourense, mediante un convenio de colaboración, apoie á Agrupación Apícola de Galicia e a Área de Apicultura da Universidade de Vigo no Campus de Ourense no seu proxecto de protección ás abellas fronte á Avespa Velutina, tal e como ven de negociar a institución provincial desde novembro de 2017.

6º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE HEMODINÁMICA 24 HORAS NO CHUO.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución a esta moción, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o seu contido.

Dona Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista: grazas señor presidente. Bos días ás señoras e señores deputados e resto de persoas que nos acompañan na sala. Falar da nosa provincia en termos reais hai tempo que implica asumir datos desoladores, non só en termos demográficos ou de desenvolvemento socioeconómico; senón no aspecto de servizos fundamentais, entre eles, o servizo sanitario. Á afronta que sofren determinadas zonas da nosa provincia en termos de recortes no eido de saúde pública hai que sumar ter a dubidosa honra de ser, con Lugo, unha das provincias con maior índice de mortalidade a causa dos infartos de miocardio. Triplicamos os índices da Coruña e de Pontevedra. De feito, segundo os datos do INE para o ano 2016, Ourense lidera a taxa de mortalidade por cada 100.000 habitantes cun 59,7; sendo do 52,95 en Lugo e de 39,33 na Coruña e de 25,07 en Pontevedra e tendo en conta que a media estatal móvese en torno do 32,08%. Dende unha perspectiva comparada, podemos dicir que nun lustro Pontevedra conseguiu rebaixar ata sete puntos a súa taxa, mentres que Ourense segue moi por riba da media do Estado e liderando a clasificación das provincias galegas xa por diante de Lugo. Por se non fose suficiente, a incidencia de infarto de miocardio agudo representa o 57,5 por cada 100.000 persoas no caso de Ourense; cando en Pontevedra é dun 29 por cada 100.000 habitantes. Referímonos a estes datos, segundo datos do SERGAS do ano 2015 e non hai outros rexistros con posterioridade. De ano en ano, tanto Lugo como a nosa provincia compiten, no peor senso da palabra, por ver quen encabeza a porcentaxe de incidencia desta enfermidade. Ademais de compartir unha estrutura sociodemográfica moi parecida, as dúas provincias comparten o uso da unidade de hemodinámica en horario laboral ordinario de 8 a 15; mentres que en Pontevedra e A Coruña ofrecen un servizo de hemodinámica de 24 horas. Son numerosos os estudos científicos, mesmo da Sociedade Española de Cardioloxía, que vinculan o uso destas unidades co éxito no tratamento e prevención do infarto agudo de miocardio. Sen embargo en Ourense para ser tratados na unidade de hemodinámica do CHUOU coa rapidez que estes casos requiren, ten que che dar o infarto ou a crise coronaria aguda en horario de mañá. A opción que lle queda a calquera persoa desta provincia afectada fóra do horario ordinario por esta doenza é que o trasladen a Vigo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

Os primeiros datos do 2016 do rexistro galego de infartos din que, tanto en Ourense como en Lugo, o tratamento da crise coronaria mediante hemodinámica está a unha hora por enriba do recomendado. Somos a segunda provincia con máis demora, 169 minutos dende que se da o aviso ata que se inicia o procedemento de intervención. Polo tanto, a pesares de contar cun servizo que, a pleno rendemento, podería evitar complicacións das síndromes coronarias agudas e, polo tanto, diminuír a incidencia desta patoloxía cardiovascular e mesmo a alta mortalidade por esta causa, os ourensáns e ourensás corremos un maior risco ante estas doenzas coronarias por mor do noso lugar de residencia. Está amplamente demostrado que a hemodinámica de proximidade e a cirurxía de urxencia en caso de isquemia coronaria aguda evita que o suceso derive nun infarto agudo, coas complicacións que leva emparelladas ademais do risco mortal inherente. Estamos, xa que logo, ante un caso manifesto de discriminación cara á nosa provincia, ao que non se lle pon remedio pese a termos unha unidade implantada dende o ano 2009 e o compromiso do goberno do PP dende o 2011, momento no que se aprobou no Parlamento galego, por unanimidade, unha moción do Grupo Socialista para garantir o funcionamento da unidade de Ourense, xunto coa de Lugo, durante as 24 horas do día. A todas luces estamos ante un caso flagrante de agravio comparativo cara á nosa provincia e os seus habitantes. Posto que o risco vital é directamente proporcional ao tempo de demora na intervención de urxencia, este tipo de servizos ao que nos referimos permite dar uns tempos de resposta por debaixo das dúas horas na atención a pacientes con síndromes coronarias agudas en infarto de miocardio. Os doentes poden recuperar a funcionalidade do corazón sen ter que desprazarse a Vigo para que se lles practique unha anxioplastia, ou calquera outro tipo de intervención coronaria. Dito noutras palabras, ata para evitar o risco de morrer por enfermidade hai que ter en conta o código postal. Coidamos que se trata dunha marxinación cara a Ourense que pode ser evitada dende a vontade política real. Chegou o momento de plantar cara e loitar por ter os mesmos dereitos sanitarios en pé de igualdade en toda Galicia; ao tempo que rexeitamos as escusas dun goberno autonómico que teima en cuestionar a idoneidade desta ampliación en base a súa rendibilidade para non ter que achegar recursos a un servizo que, se ben non nos atreveríamos a dicir que marca a diferenza entre a vida e a morte, si que resulta decisivo na resolución exitosa do evento cardíaco e na calidade de vida posterior do doente. Polo tanto, o Grupo Socialista presenta as seguintes propostas de acordo:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

1. *Esixir á Xunta de Galicia, de maneira inmediata e ante os datos publicados no rexistro galego de atención ao infarto de miocardio no INE e no propio Sergas, a implantación dun servizo de hemodinámica de 24 horas no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.*
2. *O compromiso desta Deputación para poñer todo da súa parte á hora de reclamar equiparación do servizo de hemodinámica do CHUOU co resto dos servizos que operan 24 horas no noso país e garantir así o dereito dos ourensáns e ourensás a recibir atención inmediata en caso de infarto agudo de miocardio ou outro tipo de afección coronaria na área sanitaria de Ourense sen ter que desprazarse, evitando o risco vital.*

Por agora nada máis. moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. Hai frases para a historia, e outras para lembrar que, do dito ao feito, hai un longo treito. Unha desas frases lapidarias, como tantas outras, díxoa o actual presidente da Xunta, o señor Núñez Feijóo, cando aínda estaba na oposición: *eu estou convencido de que a unidade de hemodinámica porase en marcha en Ourense pola presión dos cidadáns e do Partido Popular.* Por non falar doutras frases míticas do actual presidente do Parlamento e naquela altura (estamos falando do ano 2008) responsable de sanidade do Grupo parlamentario do Partido Popular, o señor Santalices, publicado en diversos medios de comunicación; textualmente, sobre a necesidade de que se cree unha unidade de hemodinámica no CHUOU Santalices asegurou que *na actualidade a falta desta infraestrutura provoca que 1.500 pacientes sexan derivados dende Ourense a Vigo. Trátase de pacientes que teñen que realizar unha auténtica peregrinación e a unidade de hemodinámica foi reclamada moitas veces porque isto non pode continuar así.* Ben, pasaron 9 anos. Falar de hemodinámica en Ourense é reabrir un vello debate. Cómpre remontarse xa ao ano 2006, case 11 anos atrás, para ver como desde o BNG se instaba á Xunta a instalar unha sala de hemodinámica no CHUOU tendo en conta a casuística tan grande de pacientes afectados por síndrome coronaria aguda. Pero non foi o único debate que se produciu en sede parlamentaria ao respecto desta cuestión, en novembro de 2011 o Parlamento volvía a aprobar por unanimidade unha iniciativa na que se instaba ao goberno

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

a pór en marcha os mecanismos necesarios para que as unidades de Lugo e Ourense funcionasen as 24 horas do día. Como se pode apreciar, debates recorrentes sobre a mesma problemática resoltos parcialmente. En 2009 entraba en funcionamento de xeito parcial a unidade de hemodinámica, posiblemente unha das dotacións máis demandadas pola sociedade ourensá. Un funcionamento estraño a través dunha fundación semi-privada. A provincia de Ourense é, conxuntamente coa de Lugo, a que ten un maior índice de mortalidade (xa se apuntou por aquí) por infarto agudo, ata tres veces máis que nas provincias de Pontevedra e A Coruña e a pesar disto a unidade de hemodinámica, reiteramos, só está operativa polas mañás o que obriga a trasladar as patoloxías agudas que se producen de tarde ou de noite a Vigo en ambulancia e nun traxecto que dura unha hora, no mellor dos casos, se o paciente é da cidade, e que ademais ten outro efecto negativo, que os pacientes que en Ourense teñen unha incidencia cardíaca grave teñen que ser trasladados de urxencia nunha ambulancia medicalizada polo que durante o tempo que dura a viaxe - unhas tres horas se contamos ida, transferencia, volta da ambulancia-, a provincia queda temporalmente sen un médico de urxencias na ambulancia. Non hai escusa algunha para que, tendo en conta a incidencia e a casuística tan grande que reflicten as estatísticas na nosa provincia de accidentes coronarios e a necesidade de que hemodinámica funcione no CHUOU as 24 horas os 365 días o ano, sigamos a ter un servizo precario e precarizado. De aí que nós, dende logo como non pode ser doutra maneira, apoiemos a iniciativa do Partido Socialista porque, en definitiva, a nosa demanda tamén é a demanda histórica da cidadanía desta provincia. Remato, a situación da hemodinámica na provincia de Ourense hai que incardinala na situación xeral da sanidade da nosa provincia. Proba diso son as mobilizacións que dende a Comisión do Centro do CHUOU e desde a Plataforma SOS Sanidade Pública se están a realizar en demanda dunha sanidade digna e de calidade. Na seguinte moción aínda teremos tempo de falar un pouco máis polo miúdo. Nada máis, Moitas grazas.

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: si, buenos días a todos. Voy a ser breve en lo que parece que va a ser uno de los Plenos más breves de este mandato de la Diputación. Primero decir que estamos totalmente de acuerdo con lo que pide el Grupo Socialista. Vamos a votar a favor. Y además que está perfectamente redactada la moción, no ya en lo que piden y todo eso; sino en lo que hacen

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

que se pide especificamente sobre Ourense, donde aquí dicen, en el Complejo Hospitalario de Ourense, en el punto uno y en el siguiente obviamente también nos dice: *para garantir así o dereito dos ourensáns a recibir atención inmediata*, etc.. Estamos totalmente de acordo porque realmente este non é o sitio onde se vai a decidir se se pode mellorar isto ou non; pero desde aquí pedimos exclusivamente para Ourense que é o que procede. Non ten sentido que nós queiramos cambiar a política autonómica ou estatal; pero si que podemos reivindicar directamente para Ourense. Realmente estas mocións é certo, señor Plácido, que non serven para moito, practicamente para nada; o único que serven e para unha forma de protesta, en lugar de facer unha manifestación na calle pois faise aquí unha instancia que para pouco máis serve, pero como é concreto de Ourense si que o vamos a apoiar. Dicho esto sí que tengo que decir que esto sí que es el cuento de nunca acabar, porque cuando gobierna el PSOE en la Xunta de Galicia quien reivindica lo mismo prácticamente es el Partido Popular. Yo recuerdo, creo que era Eloína Núñez, tenía un programa el Partido Popular allí en Auria Televisión y todos los jueves que venía ella allí a la televisión, todos los días reivindicaba prácticamente lo que está reivindicando aquí hoy el PSOE, diciendo que es intolerable lo que estaba haciendo el gobierno socialista. Ella reivindicaba eso al gobierno socialista, cuando el gobierno socialista gobernaba en la Xunta no lo hacía y cuando se cambiaron las tornas, ahora es el PSOE el que reclama y dice que es intolerable. Entonces esto realmente parece una tomadura de pelo. Democracia Orensana quiso cambiar esto en las últimas elecciones autonómicas presentándose a las elecciones y realmente marcando un punto de inflexión para que se evitara, de una vez por todas, la discriminación de la provincia de Ourense. Ourense somos realmente los tontos de la película porque somos una provincia que dentro de poco bajaremos de 300.000 habitantes (esto es realmente tristísimo), de los 475.000 que teníamos en el 1950, nos vamos a situar en menos de 300.000 por culpa, entre otras cosas, de él y del padre de él¹ por la gestión que han hecho de la provincia, por cómo gastan el dinero y la única forma que hay de hacer aquí es realmente saber defender los derechos de Ourense y es realmente votando a ourensanos. Obviamente también hay que decir, dicho esto, que hace poco fueron unas elecciones autonómicas y quien aplastó en los resultados a todos fue el Partido Popular, entón moito

¹ Alusión ao Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

tampouco hai que dicir porque realmente a xente votoulle a esa opción e esa é a historia. Agora patexar cando realmente foron as eleccións pouco hai que dicir. Dicho esto, tengo agora que dicir vamos a votar a favor y más o menos lo que tenía que dicir esta dicho. Les quiero agora aquí comentar un tema de una persona que se llama José Manuel Baltar y que salió estos días en la prensa y tiene que ver, es pertinente a la moción, porque es realmente la forma en la que Orense se utiliza el dinero y por qué la provincia se va abajo, porque este dinero se podía utilizar obviamente para otras cosas. Aquí tengo para que ustedes vean ya la máxima exposición del tema, es del viernes 19 (hace pocos días, hace seis días), aquí lo tienen ustedes en portada del viernes 19 ². Lo más fascinante de todo viene, si nos vamos a la página 14, vuelve a salir en la página 14, sale en portada y aquí, lo nunca visto, lo que es realmente algo de manual de un ególatra (obviamente con la colaboración de *La Región* que, con dinero público, se puede hacer esto), lo que es realmente una persona que es un enfermo para mí, ustedes lo pueden ver aquí, en estas páginas, en la página 16 y 17 de *La Región*, miren ustedes -pongo a las cámaras y a ustedes- donde sale en todos los sitios. Sale exactamente en estas dos páginas: una, dos, tres, cuatro, cinco, seis, siete, ocho, nueve, diez, once. ¡Once veces en dos páginas la foto! ¡once fotos del elemento! Y en las otras dos no sale él, pero igual era el que sacaba la foto. ¡Once veces! Esto es lo nunca visto. Esto realmente es algo impresionante. Por eso se hunde la provincia, compra este periódico con dinero público. Hace el ridículo pensando que esto da votos y le produce a la gente vómitos porque cuando la gente lo ve le da vómitos. Esto ya no es sobreexposición; este, si pudiera, dormiría con los orensanos, haría un muñeco y lo metería en la cama de cada orensano. Pues esto es en lo que realmente gasta el dinero esta persona que es un ególatra, un auténtico, lo que siempre dije yo, un psicópata de corbata. Nada más.

Don Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular: moitas grazas presidente. Moi bo día distinguidas señoras e señores deputados, medios de comunicación, información e todos os que están observando a través da páxina web. Vamos ao tema, que o tema non son as fotos, o tema é a hemodinámica para os ourensáns. Teño que dicir que si, señora Gil, si, o Grupo Popular tamén demanda, como non, máis servizos sanitarios, servizos sanitarios de calidade e tamén quere e demanda a hemodinámica as 24

² Alusión ao diario *La Región* do 19 de xaneiro de 2018, que o señor deputado exhibe durante a súa intervención.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

horas; ao tempo, iso si, que esixe unha xestión eficiente dos recursos públicos aos nosos xestores, porque o que non é eficiente é despilfarro. Polo tanto, ¿máis servizos públicos e de calidade? Si, ¿cunha xestión eficiente? Tamén, e estes dous criterios non deben estar enfrontados nunca nin entrar en colisión. Expliquémonos porque, aquí, cando falamos de temas sanitarios non é solo falar, é explicar. O Servizo Galego de Saúde, o SERGAS, creou no seu momento (xa explicarei despois as datas) o Rexistro Galego do Infarto Agudo de Miocardio, o REGALIAM, mediante Orde de 11 de maio do 2015 -por certo, señora Gil, o REGALIAM non foi nomeado na súa exposición da súa iniciativa- e é o rexistro oficial e o que se ten en consideración a nivel galego para ver as necesidades neste terreo, e non o menciona. Anda co INE. O INE non é un tema sanitario estrito, polo tanto escapóuselle o criterio máis importante: o REGALIAM que é un Rexistro Galego do Infarto Agudo de Miocardio. Di que non, pero dígolle que si porque estiven lendo e non parece. En efecto, sabemos todos, sobre todo os que estamos dentro da sanidade, que as enfermidades do aparello circulatorio representan a primeira causa de morte, de morbimortalidade, en Galicia; sendo as síndrome coronarias agudas, e en particular o infarto agudo de miocardio, determinantes dunha significativa proporción de morbilidade. Por iniciativa da Consellería de Sanidade, Galicia conta dende o ano 2005 cun programa de atención ao infarto, o PROGALIAM, que a través dos correspondentes protocolos clínicos e en coordinación cos diferentes axentes que interveñen na atención a estes pacientes, busca diminuír a mortalidade e a morbilidade destes pacientes. Pensen que no 2005 empezou a gobernar o bipartito socialista - BNG. O infarto agudo de miocardio é, polas súas propias características, unha – e vostede sábeo ben - das patoloxías máis susceptibles de beneficiarse dun sistema de recollida de análise e tratamento de datos para planificar as debidas modificacións, de xeito que promova a equidade no acceso ás prestacións. Cando falamos de equidade, falamos da mellor e da maior das igualdades e en sanidade non cabe dúbida que a equidade hai que tela en conta. Por iso repito que é precisamente no infarto agudo de miocardio onde, polas súas propias características, é máis susceptible de beneficiarse dun sistema de recollida, análise e tratamento de datos para a planificación, para a planificación e para as necesidades conseguíntes de tratamento. Resulta necesario, realmente necesario, contar cun sistema organizado de información sanitaria, de vixilancia e de acción epidemiolóxica, polo cal o Parlamento de Galicia, na sesión do 3 de decembro

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

do 2014, xa gobernando o Partido Popular, aprobou unha proposición non de Lei para dispoñer dun rexistro único, dun rexistro único de ámbito galego que recolla toda a información (información epidemiolóxica) e información de morbilidade en relación co infarto agudo de miocardio. E así se crea, o 11 de maio de 2015, o Rexistro Galego do Infarto Agudo de Miocardio, o REGALIAM, único para todo o ámbito galego e cun obxectivo: o obxectivo de determinar as características epidemiolóxicas, clínicas e terapéuticas da poboación afectada, rexistrando o procedemento e acceso do e da paciente ao sistema sanitario neste campo e tamén que os datos persoais incluídos neste rexistro unicamente sexan empregados, como non debe ser doutra maneira, con fins expresamente previstos e declarados no anexo I que non o vou a ler, fun ao Diario Oficial de Galicia onde pon todas as finalidades do ficheiro de uso destes datos. Por tanto, todo o que teña curiosidade pode ir ao DOG nº 90 do 15 de maio de 2015. Hai unhas Instrucións deste Rexistro Galego do Infarto Agudo de Miocardio, o REGALIAM, onde se vén a dicir o seguinte (e isto aprobouse por expertos, señora Gil) e desa Instrución, da Instrución sexta, Comisión de Control e Seguimento, di (non se preocupen que tampouco vou a dicirlles todo o que di esta Instrución): *habará un/unha representante de cada unha das EOXIS - teñan presente que hai sete EOXIS en Galicia, unha é Ourense - do Servizo Galego de Saúde e as funcións desa Comisión serán establecer os indicadores precisos que permitan avaliar a calidade da asistencia ao infarto agudo de miocardio en Galicia e elaborar os informes de maneira periódica sobre a situación da atención ao infarto agudo de miocardio en Galicia.* Está previsto, nesta Orde, está constituído o Comité Científico. Comité Científico que se reúne cada seis meses, cada semestre, cunhas funcións: *emitir un informe que é vinculante respecto ás solicitudes de datos do Rexistro por parte das persoas alleas ao mesmo e garantir o cumprimento da normativa do REGALIAM.* Polo tanto, isto é importante e vostede non o mencionou e creo que hai que telo en consideración. En concordancia co que acabo de dicir, o Grupo Popular, que tamén quer que haxa un tratamento de diagnóstico hemodinámico en Ourense as 24 horas, fai unha emenda que di, e digo en concordancia co que acabo de dicir:

Demandar da Xunta de Galicia que, unha vez avaliados os datos pola comisión de control e seguimento do Rexistro Galego de Atención ao Infarto de Miocardio (REGALIAM), se proceda a actualizar a necesidade obxectiva de implantación do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

Servizo de Hemodinámica as 24 horas no CHUO, por razóns de equidade da prestación.

Efectivamente, a raíz da creación, en maio do 2015, dise polas revistas especializadas que *el SERGAS crea el Registro Gallego de Infarto Agudo de Miocardio que responde a un acuerdo entre los jefes de servicio de cardiología del sistema sanitario de la Comunidad Autónoma. É un rexistro totalmente sanitario e científico. É máis, o presidente da Xunta de Galicia fixo fincapé, señor Rodríguez Suárez, en que seguirán las pautas y las reclamaciones de los profesionales sanitarios ya que son ellos quienes van a estudiar los resultados en la Comisión de Seguimiento prevista en el Registro para marcar la atención prevista para los pacientes que sufran infarto de miocardio.* Polo tanto, non é para nada unha decisión política, é unha decisión sanitaria e é unha decisión científica. É máis, un ano despois da creación deste Rexistro, do REGALIAM, o 16 de marzo do 2016, dise textualmente por unha revista especializada: *se evidencia que no existen diferencias estadísticamente significativas con respecto a la mortalidad a los 30 días para cualquiera de los grupos estudiados. El Registro de infartos no muestra diferencias entre áreas de salud.* Eu non sei de onde sacou vostede os datos, pero estoulle dando datos oficiais e de revistas científicas. O 21 de marzo do 2016, di tamén unha revista médica: *el REGALIAM constata que no hay diferencias significativas en relación a la mortalidad de los pacientes entre las distintas áreas sanitarias. La Comisión de Control y Seguimiento del Registro Gallego de Infarto de Miocardio, presentó el primer balance de evolución de la mortalidad por infarto agudo de miocardio en el conjunto de la ciudadanía gallega. Según expusieron, los datos de las siete estructuras de gestión integrada EOXI donde se prestó la asistencia inicial avalan que no hay diferencias estadísticamente significativas en relación a la mortalidad a 30 días por ninguno de los grupos analizados. La Comisión de Control y Seguimiento del REGALIAM es la encargada de mantener el registro actualizado, realizar el seguimiento de la actividad e, incluso, la elaboración de los informes que de manera semestral se solicitan por parte de la Consellería de Sanidade.* Creo que lles estou dando datos obxectivos e lles deixo despois os papeliños onde os tiven que buscar e onde os hai, señora Gil. Polo tanto, estamos guiados por criterios científicos, sanitarios, obxectivos e de eficiencia na xestión; o demais, señora Gil, é falar dentro dun contexto de confusión e porque si, porque estamos nunha época invernal, porque estamos nunha época gripal e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

porque estamos nunha época en que calquera enfermidade crónica se agudiza. Polo tanto, non aproveitemos que o Sil e o Miño andan por aquí, o Miño pasa por Ourense, para poñer todo no mesmo saco e crear confusión. Expliquémonos con datos, con datos obxectivos, pero non confundamos, que estamos falando de sanidade. Por agora nada máis e moitas grazas.

Dona Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista: grazas, señor presidente. Datos. Eu non teño a ciencia infusa de don Rosendo Fernández. E os datos quitados do INE, INE para 2016: Ourense lidera a taxa de mortalidade por cada 100.000 habitantes. INE. Datos. Vostede di que eu non nomeei o REGALIAM. Antepenúltimo parágrafo: *os primeiros datos do 2016 do Rexistro Galego de Infartos din que, tanto en Ourense como en Lugo, o tratamento da crise coronaria mediante hemodinámica está 1 hora por enriba do recomendado.* Rexistro Galego de Infartos, vale, di que non me referín: aquí está. *Somos a segunda provincia con máis demora na atención da crise coronaria aguda, unha media de 169;* a segunda, datos do Rexistro de Infartos. Si o nomeei. Di vostede que se creou REGALIAM. Si, aquí teño unha foto do señor Feijóo. Aquí está, moi guapo, el xa é guapo. *Créase o Rexistro Galego de Infarto Agudo de Miocardio que nace e se desenvolverá baixo os criterios de profesionais de cardioloxía do SERGAS.* Non sigo lendo, os profesionais son os xefes de servizo de cada área sanitaria do SERGAS, os xefes de cardioloxía de cada hospital ou de cada área, os xefes de cardioloxía. Eu non sei se vostede recorda, non teño ningunha dúbida que como profesionais médicos vano facer perfectamente ben, o que pasa é que un xefe de servizo está nomeado por libre designación; polo tanto ten que cingirse, non ao que el pensa ou quere, senón á norma que lle dita a empresa; en principio. Eu confío nos meus compañeiros de profesión e sei que farán todo o posible por facer o mellor para os pacientes e o mellor para a sanidade pública; pero están nomeados por libre designación e teñen que responder tamén aos obxectivos da empresa. Eu non dubido deste rexistro, en absoluto. Tampouco está dicindo nada absolutamente contrario do que eu expuxen aquí nesta moción. O que di máis adiante, dentro de moita literatura, o que di é que a mortalidade por infarto de miocardio, nos rexistros do REGALIAM, é dun 5 % xeral. Entón, e se vostede estivera dentro 5 % ¿que lle parecería? ¿que estamos ben atendidos na provincia de Ourense tendo un servizo de hemodinámica 8 horas en xornada ordinaria? Tamén di o REGALIAM, segundo vostede, que un pouco comparando a equidade e a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

eficacia e a eficiencia, segundo vostede nomeou antes, tamén di que na provincia da Coruña prodúcese unha morte de infarto diaria. Ben, estamos falando que se produce tendo un servizo de 24 horas ao día de hemodinámica. Aquí non a temos, non temos referencia de cal é a porcentaxe de morte aquí en Ourense por non ter o servizo de hemodinámica as 24 horas. Non temos ese estudo porque somos unha provincia tan pequena, non debemos ter moita significación para os gobernantes. Di vostede que, claro, o Bloque e o PSOE gobernaron dende o ano 2005 - 2009. Voume permitir unha licenza ¡meus pobres, que ían facer en tres anos, a piques catro! O que deberon facer foi desmantelarlle todo o *tinglado* que tiñan vostedes alí feito gobernando dende o *Generalísimo* Franco, ¡claro, non lle deu tempo! Tamén lle teño que dicir que gobernando o Bloque e o PSOE, teño que lle dicir que a señora conselleira de sanidade, María José Rubio, converteu unha Fundación privada que levaba o servizo de hemodinámica, intervención cardíaca, o MEDTEC, e fixo un sistema público dependente do SERGAS. Por tanto, fixo moito, converter unha Fundación privada que levaba o sistema de hemodinámica de cardioloxía –intervención cardiolóxica - ao sistema público, fíxoa pública. En catro anos, xa solo con iso xa me parece que fixo moito. Entón, mire vostede, claro, tivo que falar do REGALIAM, do rexistro de infartos de miocardio, tivo que falar diso porque se se pon a falar do realmente importante, que o que importa é que os nosos veciños ourensáns e ourensás estean mellor atendidos, pois non tiña razón de poñer esa emenda que puxo. Que diga o REGALIAM se os ourensáns, homes e mulleres, están mellor atendidos ou non con servizos de 8 horas e 24 horas. Señor Rosendo Fernández, como médico isto non o podía defender; polo tanto dedícase aquí a falar do REGALIAM, do Rexistro Galego de Infartos de Miocardio, e que se é el o que vai decidir.. .non, non. O que decide se o servizo de hemodinámica funciona as 24 horas en Ourense non vai a ser o REGALIAM, non. Eles informan sobre eventos coronarios, sobre *comorbilidad*, sobre mortalidade, etc.. sobre incidencia, todo o que queira vostede; pero non poden facer que funcione un servizo de hemodinámica 24 horas en todas as provincias, iso non o pode facer. Iso faino o goberno da Xunta e o goberno da Xunta, excepto catro anos, é un goberno de vostedes, de vostedes. Entón, mire, non me diga que os ourensáns están ben atendidos con servizo de hemodinámica de 8 horas. ¿por que? Porque mire cando empezou no 2009, non sei se se acorda vostede, tiña dous profesionais médicos atendendo da unidade de hemodinámica e agora temos un ¿vale? E dígolle eu como funciona, mire,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

hai unha sala 1 onde atenden unha enfermeira e unha auxiliar dos doentes que foron intervidos; vixían unha enfermeira e un auxiliar. Na sala 2, que é onde se fan as intervencións, está un profesional hemodinamista e outra enfermeira que se teñen que facer un traballo que implique unha limpeza con balón, a enfermeira que está coidando dos doentes intervidos ten que desprazarse á sala onde están facendo a intervención porque fai falta outra persoa (se me di que estamos ben atendidos, eu creo que non) e se hai algún evento, os ucistas teñen que deixar a UCI e subir á sala de hemodinámica. ¡Non estamos ben atendidos! ¡non estamos ben atendidos! Entón, que menos que esta provincia que está esquecida en todos os eidos, que menos que vostede e máis eu teñamos que defender que temos tanto dereito como o resto das provincias a ter un servizo de hemodinámicas as 24 horas. É unha enfermidade prevalente, a segunda causa de morte. Temos o dereito, ao igual que o resto das provincias, de ter un tratamento e unha atención para todos os ourensáns, home e mulleres, iguais que son atendidos no resto das provincias. Di vostede que ao mellor non ten unha incidencia na mortalidade, ao mellor si porque vostede sabe, como eu, que o tempo de atención nunha crise coronaria aguda é vital. Polo tanto non é o mesmo que vostede teña unha atención inmediata de media hora, 30 minutos, a que teña que atendelo despois de dúas horas ou tres horas. Ao mellor non morre, pero a calidade de vida e as complicacións van a ser totalmente distintas que a atención urxente á atención despois de moito tempo de infarto. Inclusive, se a atención é rápida, vostede pode previr o infarto ou crise coronaria aguda. Vostede sábeo, polo tanto vostede debe pedir coma nós, ou coma min xa que somos profesionais implicados na materia, unha unidade de hemodinámica funcionando as 24 horas para a provincia de Ourense. Nada máis por agora.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: grazas, señor presidente. Moi brevemente porque xa insistiu ao respecto do tema a portavoz do Partido Socialista, pero a min gustárame poñer o foco porque me parece, non sei se eu non o entendín ben das explicacións do señor Rosendo Fernández, ou é que simplemente o malinterpretei. Pero paréceme deducir, polo que dixo el, o feito de que non exista unha unidade de hemodinámica as 24 horas do día na provincia de Ourense é unha decisión técnica. A verdade é que non sei, despois de todo o escoitado e de todos os argumentos postos enriba da mesa, paréceme difícil de xustificar dende o punto de vista técnico. En todo caso gustárame saber o nome e apelidos dese técnico que certifica que iso funciona

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

ben así, porque se é unha decisión técnica e non é unha decisión política, como nós entendemos que debe ser, gustaríame saber para que están vostedes no goberno se non é para tomar este tipo de decisións. Dende logo é moi difícil de explicar, é moi difícil de entender. Eu non son especialista no tema como son vostedes, pero tal e como o vexo, un servizo que funciona como se dixó aquí, claramente e para que todos o entendamos, en horario de oficina, dun tema con tanta incidencia como as estatísticas, e niso creo que estamos todos de acordo, demostran que ten na nosa provincia que se poida vender, entre comiñas, que temos exactamente a mesma atención cun servizo que funciona 8 horas, que teríamos cun servizo que funcionara 24 horas ao día e que evitara eses desprazamentos que, como xa dixen na miña primeira intervención, son como mínimo dunha hora se o paciente afectado ten a sorte de estar na capital de Ourense, pois paréceme que non se avala dende ningún punto de vista técnico e, dende logo, o recurso, neste caso, á decisión técnica parece máis ben, como xa dixemos tamén anteriormente, unha forma de botar balóns fóra porque nós entendemos que é unha decisión puramente política, unha decisión que debe ser tomada dende o ámbito da decisión e dos representantes dos cidadáns, pensando no benestar e nos intereses deses cidadáns e, dende logo, non entendemos dende ningún punto de vista que se avale cun criterio técnico. En todo caso gustaríanos que nos aclarara se ese era o sentido do seu argumento, ou se foi simplemente que nós interpretamos mal. Nada máis. Moitas grazas.

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de democracia Ourensana: sí, simplemente decir antes que yo tamén recuerdo el tema de la televisión, venían allí a protestar los del Partido Popular, iba cantidad de veces Santalices, cuando estaba en la otra parte, reclamando la tremenda discriminación de la provincia de Orense y de lo mal que estaba la sanidad, y como se volvieron a cambiar las tornas. No era solamente Eloína Núñez; sino que era también Santalices. Nada más, mantenemos que vamos a votar a favor, como dije anteriormente; pero que estamos en contra de que simplemente se reclame cuando se está de este lado de la barrera. Cuando el PSOE gobierna sigue discriminando a Ourense. PP y PSOE han discriminado a Ourense en los últimos años, también BNG que gobernaba en el bipartito. Siempre están discriminando a Ourense y hace falta una fuerza de Ourense para defender a Ourense. Simplemente una anécdota que, antes escuchando aquí en el fragor del debate a la ponente del Partido Socialista que tiene una gran fonética en gallego, me hace gracia porque hubo una vez que dijo Ourense y la otra vez dijo Orense.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

Ese é un dos motivos polos que eu moitas veces non falo galego, porque me fago un cortocircuito, porque cando eu tiña once anos foi cando puxeron galego no colexio, na EXB, entón empezaron todas as palabras que nós falabamos na aldea, moitas non valían porque chas cambiaban. Entón cando estou falando en galego, digo aquí que digo ovos ou huevos como dicimos na miña aldea. Fai tal cortocircuito que non o fago. Simplemente eso que me chamou a atención que dixera Ourense y antes previamente había dicho Orense.

Don Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular: moitas grazas señor presidente. Señor Rodríguez Suárez, eu creo que lle dixen criterios científicos, sanitarios e de eficiencia, *¿estamos de acordo?*. A nivel de técnica sanitaria estoulle falando. Creo que lle dixen criterios científicos, sanitarios e de eficiencia, senón vexa vostede a emenda. Se vostede ve a emenda, que seguimos dicindo, señora Gil, que nós pedimos, nós solicitamos e reivindicamos a hemodinámica, o servizo de hemodinámica as 24 horas, pono moi claro: *demandar da Xunta de Galicia unha vez avaliados os datos pola comisión de control e seguimento do Rexistro Galego de Atención ao Infarto de Miocardio (REGALIAM), se proceda a actualizar a necesidade obxectiva da implantación do Servizo de Hemodinámica as 24 horas no CHUO, por razóns de equidade da prestación.* E señora Gil, mire, eu díxenlle que non pronunciara a palabra REGALIAM, é que non a pronunciou; sen embargo pronunciou a do INE. Vostede sabe que os criterios recollidos a nivel científico sanitario están no REGALIAM, non no INE. *¿estamos de acordo?* Están no REGALIAM, non no INE; polo tanto hai que cingirse a iso. Para que os nosos veciños e veciñas sexan atendidos e teñan que ser atendidos, se así se necesitan, as 24 horas do día (porque todos os que estamos aquí podemos ter, nun momento dado, ogallá nunca, unha posible síndrome coronaria) os datos e estudos epidemiolóxicos e de mortalidade para implantar servizos sanitarios, neste caso un servizo sanitario de hemodinámica, é o REGALIAM. Non o digo eu. E que vostede poña en dúbida que nun tema tan sensible e grave como o infarto agudo de miocardio que os *jefes* de servizo (creo que lle entendín así) obedezan á empresa; eu creo que hai que ter *cuajo* para vir aquí publicamente a dicir iso. *¿Como o jefe de servizo de cardiología vai a obedecer á empresa despois de ter uns estudos epidemiolóxicos e de morbilidad para implantar un servizo e diga: non, vou a obedecer ao meu político?* Iso é difícil de entender. Estamos falando dun servizo sanitario, señora Gil. Non teña vostede dúbida ningunha que o *jefe* de servizo é un médico, un médico

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

que chegou a *jefe* de servizo e, polo tanto, non se vai a dobregar ante unha empresa. Iso paréceme que foi moito dicir e demasiado estenderse. Podo dicirlle que segundo os estudos que hai hoxe, científicos, sanitarios e de eficiencia, non é verdade que na provincia de Ourense se produza unha maior mortalidade que no resto de Galicia derivada da estrutura asistencial. Hoxe por hoxe, non; nin permitamos que suceda, por certo. Dígoo así e non podo ocultalo porque o reflicten os datos do REGALIAM que é o rexistro oficial e público que temos. Polo tanto tamén lle teño que dicir que o estándar de calidade para a mortalidade tras unha anxioplastia (que vostede o nomeou, iso si que o nomeou) aos 30 días do infarto agudo de miocardio, debe ser menor do 5%, porque sempre hai o risco estatístico. ¿Vostede cree que podemos chegar ao 0%? Oxalá chegáramos sempre ao 0%, pero non somos capaces. O estándar de calidade é por debaixo do 5% e estámolo cumprindo. É mellor cumprir o 1% que o 4%, por suposto; pero o risco estatístico cero non existe en nada. Polo tanto, non poña en dúbida iso. Eu dígo lle e infórmo lle, a nivel científico ou sanitario, que o infarto debe ser menor ao 5% segundo establece a Sociedade Española, neste caso, de Cardioloxía, e Ourense cúmpreo perfectamente. Repito, oxalá chegáramos ao cero. O risco estatístico sempre vai a ser por riba de cero. Nos casos dos pacientes, e repíto lle unha vez máis, que sufriron un infarto da zona de Ourense, este valor está por debaixo dese 5%, cumpre os estándares e, en definitiva, a Comisión de Control e de Seguimento que avalía os datos relacionados coa atención ao infarto de miocardio en Galicia que está formado por expertos, expertos e non só *jefes* de servizo (os *jefes* de servizo pertencen, pero tamén hai expertos de cardioloxía de toda Galicia), que se reúnen ademais de xeito periódico monitorizando todos os datos e avaliando os resultados e, en función destes datos, emite os informes para mellorar a atención do infarto de miocardio. Polo tanto, retire iso de que os *jefes* de servizo e os expertos se dobregan ante a empresa, ou sexa, ante o SERGAS; é moito dicir, é moito dicir. Os informes apuntan que a mortalidade de infarto da provincia de Ourense é semellante á da Comunidade Autónoma. Se non os houbera, nin aquí nin alá, nin en Ourense, nin en Lugo, nin en Pontevedra, nin en Coruña, mellor que mellor. O que hoxe sabemos é que Ourense cumpre cos estándares de calidade na atención propostos polas autoridades científicas e é semellante ao resto das áreas de Galicia. Polo tanto, creo que temos unha oportunidade de aprobar todos xuntos o que queremos que é un servizo de hemodinámica as 24 horas do día, demandando á Xunta de Galicia que, a través dos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

estudos obxectivos, de calidade, de eficiencia que temos con respecto ao infarto agudo de miocardio, poñamos o servizo as 24 horas. Eu creo que isto é falar, explicar; o que di vostede só é falar. E dígolle unha vez máis. os datos sobre infarto de miocardio do INE, teño que dicirle, non son os datos máis obxectivos e sanitarios para ter en conta na implantación dun servizo de hemodinámica. Non. Dende o ano 2015 élle o REGALIAM, como empezou (por certo cun goberno de vostedes) no ano 2005 o Pre-REGALIAM. Nada máis e moitas grazas.

Dona Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Para o compañeiro de Democracia Ourensana, señor Jácome, vamos a ver, eu son do rural, nacín nunha aldea pequeniña e vivín no rural media vida e habitualmente, ata que fun ao colexio (colexio de monxas, así se me notará un *tinte* especial) falei galego, incluído cando chegaba ao colexio de monxas. ¿Que pasou? A partires de aí, na Universidade e noutros foros, onde convivín con compañeiros e compañeiras que falaban castelán, funme contaminando (contaminando no senso bo da palabra, non teño nada en contra do castelán, non, por Deus, non); entón ¿que pasa? No rural, nas aldeas falamos o galego cotiá, familiar que non é o normativo e tamén lle vou a dicir a vostede que a min me custa moitísimo, moitísimo falar o galego normativo ¿por que? Porque teño unha *mezcolanza* entre o castelán, entre o galego de sempre que sempre falamos no rural e o normativo; entón a min cústame falar moitísimo o galego normativo, de verdade. Entón claro, haberá veces que se me escapa, e non é a primeira vez que me escoita vostede falar, pero na miña actividade diaria paso do galego ao castelán, do normativo ao coloquial e fago así unha *mezcolanza*. Teño así as cousas desa maneira, pero dígolle a vostede que foron moitos anos vivindo no rural, falando galego, o galego cotiá que falamos nas aldeas, e que para pasarse ao normativo habería que estar falando todo o día en galego normativo que tampouco podemos facelo porque estamos tratando con persoas que non saben galego. Por iso que me vou a cambiar dun galego ao outro, incluso algunha vez me despiste e me pase tamén ao castelán. Iso era o que quería responderlle. Respecto ao señor Rosendo, señor Rosendo, vólvolle a dicir; primeiros REGALIAM, REGALIAM é a simplificación de Rexistro Galego de Infartos de Miocardio Agudos. Entón, xa lle dixen onde eu me referín a el, nos primeiros datos do 2016 do rexistro galego dos infartos din que tanto Ourense como Lugo, o tratamento da crise coronaria mediante a hemodinámica está unha hora por enriba

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

do recomendado, coas conseguíntes complicacións, etc, etc... de comortalidade. Si me referín ao REGALIAM, non así, pero como Rexistro Galego de Infartos de Miocardio. Si me referín. Segunda cuestión, o tema dos xefes de servizo. Non dixen iso exactamente e, se o dixen, ou se se me interpretou así, entón non me expliquei ben. Non. Só dixen que os xefes de servizo non son elixidos polos compañeiros do servizo, non, porque ao mellor os compañeiros do servizo, que coñecen o servizo, igual querían un xefe de servizo votado por eles e non vale. Iso non vale. Son nomeados a dedo pola Administración e pola empresa. Dixen iso. Entón dixen, ademais, que eu confío nos xefes de servizo, aínda que sexan nomeados de libre designación e que non os nomeen os compañeiros, pois non teño nada que dicir deles. Seino por experiencia e por vivencia que o fan o mellor posible e que quixeran facelo moito mellor, tamén, tamén o quixeran facer moito mellor. ¡Dios me libre de dicir o contrario! E que sempre van a tirar pola sanidade pública e polos doentes, tamén o sei e tamén o dixen, non teño dúbida. Pero moitas veces encóntranse na tesitura dun dilema que moitas veces non poden decidir o que queren e vostede sábeo. Hai uns obxectivos da empresa, hai uns programas e hai uns obxectivos que hai que cumprir e vostede como médico sábeo, igual que eu. Nós temos uns obxectivos que cumprir e os xefes de servizo teñen outros obxectivos que cumprir. ¿Quen impón eses obxectivos? ¿nós? Non, a empresa, o SERGAS. A iso me refería. ¡Dios me libre de dicir nada dos xefes de servizo! ¡En absoluto! Porque sei que o fan o mellor posible, que o quixeran facer moito mellor e que sempre van a tirar para os pacientes e para os doentes. Iso téño clarísimo. A súa emenda, ¿sabe que penso eu da súa emenda? É que non lle queda doutra a vostede, nin ao seu grupo, non lle queda doutra. ¡Como van dicir que se poñen en contra do servizo de hemodinámica en Ourense as 24 horas! ¡É que non o poden dicir! *Bueno*, é que senón ata perderían todas as alcaldías, non o sei. Non o poden dicir. E como non o poden dicir, métennos o tema do REGALIAM. Ben, claro, si, é unha saída. Pois claro, non teñen outra saída. Entón, se o REGALIAM di que hai que implantar o servizo de 24 horas no CHUOU por razóns de equidade, prestación, non sei que non sei canto, pois entón votan a favor. É unha saída honrosa, pero nós non estamos gobernando, non estamos gobernando, na Xunta tampouco; entón nós somos claros e transparentes. ¿Quen pon o servizo de 24 horas? O SERGAS ¿Quen decide iso? Os gobernos neste momento que hai e ¿que goberno hai na Xunta de Galicia? ¿e os directores e *dirigentes* máximos do SERGAS? do PP, do seu

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

grupo. Entón, eles son os que din que van a establecer e os que teñen capacidade para establecer o servizo 24 horas. Vostedes, aquí e agora, non lles queda máis remedio que facer isto; é dicir, lávome as mans no sentido, como di o refrán, *nada que vai para ningures*. Nós seguimos defendendo o que defendíamos, servizo de hemodinámica as 24 horas para Ourense. ¿Por que? Porque sabemos que aínda que o custe sexa un custe maior do servizo de 8 horas, si vai redundar en beneficio da saúde, da vida e da morte das persoas, homes e mulleres da provincia de Ourense. Si non é directamente, unha porcentaxe da vida e da morte e outra porcentaxe da calidade de vida que lle vai quedar a eses doentes despois dun infarto de miocardio por non atendelo na *ratio* que está establecido para saír exitoso da operación e non quedarlle secuelas. Polo tanto seguimos mantendo a nosa moción cos nosos dous acordos. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, que é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

A continuación somete a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Demandar da Xunta de Galicia que, unha vez avaliados os datos pola comisión de control e seguimento do Rexistro Galego de Atención ao Infarto de Miocardio (REGALIAM), se proceda a actualizar a necesidade obxectiva de implantación do Servizo de Hemodinámica as 24 horas no CHUO, por razóns de equidade da prestación.

7º.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DA SITUACIÓN PROVOCADA POLO COLAPSO EN URXENCIAS DO CHUO.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. Seguimos coa sanidade. O que está a acontecer coa sanidade no noso país

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

e na nosa provincia en particular é dunha profunda tristura e impotencia. O desprezo total e absoluto do goberno galego cara a poboación da provincia de Ourense é palmario e perceptible a través dos continuos recortes aos que nos teñen acostumados; o que provoca imaxes indignas de hacinamento de pacientes en *pasillos* do hospital impropios dun país que se di desenvolvido. Os pacientes e as pacientes de Ourense veñen arrastrando as continuas carencias que o goberno galego se empeña en manter no tempo, seguimos sen hemodinámica 24 horas (que lles vou a explicar). Non temos máis que unha terceira parte do servizo de cirurxía pediátrica e a piques de que o único cirurxián se xubile. Temos a poboación máis avellentada do Estado e non temos atención xeriátrica. Listas de espera de ata unha semana en atención primaria o que acaba provocando saturación dos servizos de urxencia. Falla de atención especializada nos hospitais comarcais. Privatización de servizos que cada día empeoran a atención e as instalacións. As autoridades piden á poboación un uso responsable dos servizos de urxencia, pero o que fan falla son máis medios humanos e materiais para dar unha atención digna e de calidade que é un dereito da cidadanía. Antes do verán, membros da Asociación Galega en Defensa da Sanidade Pública reuníronse co Director Xeral de Sanidade alertando do que acontecería tanto no verán - co peche de camas e servizos - como cando chegara a epidemia de gripe. A pesar das alertas, o SERGAS nin tan sequera adopta as medidas oportunas para facer fronte ás situacións que se repiten ano tras ano e que xeran problemas a pacientes e familias. ¿Por que no sistema sanitario galego non se ten unha previsión tanto de aumentar camas, servizos, como de ter o persoal suficiente para facer fronte a algo que sabemos vai ocorrer? ¿por que temos que sufrir os doentes a falla de previsión dunha Administración que sabendo que isto ocorre todos os anos, non fai nada e o fía todo á responsabilidade dos profesionais? ¿por que non se substitúen aos profesionais tanto nos hospitais, como nos centros de saúde? Se as Xerencias saben con meses de antelación que traballadores van a estar nun momento determinado ¿por que non se poñen os medios para buscar desde xa aos seus substitutos? O presidente da Xunta dixo, escorrendo o vulto, que os casos eran puntuais; mais non son casos puntuais, senón persoas enfermas que sofren as consecuencias, unha vez máis, da falla de compromiso desta Xunta co sistema sanitario público galego. Cando non se vai á raíz do problema, o mal repunta cada pouco. As urxencias son a imaxe dunha nefasta xestión no global da sanidade pública galega. *Os xefes de servizo de urxencias dos*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

hospitais galegos levantan a voz ante o colapso que se vén producindo nos últimos días en diferentes centros sanitarios do país (estou lendo unha nota que está publicada na web da Plataforma Sanidade Ourense en defensa da sanidade pública, dígoos para aclarar); reitero: os xefes do servizo de urxencias dos hospitais galegos levantan a voz ante o colapso que se vén producindo nos últimos días en diferentes centros sanitarios do país; así nunha carta reclaman ao SERGAS unha maior planificación para evitar as saturacións e as longas esperas e din amosar o seu total apoio á misiva na que días antes Semes Galicia (Sociedade Española de Medicina de Urxencias e Emerxencias) reclamaba unha maior implicación efectiva das Xerencias dos centros ante os problemas e insistía na necesidade da homoxenización prometida nos diferentes servizos en Galicia. Os sindicatos denuncian que os problemas existentes na sanidade son consecuencia dun modelo de recortes e insisten en denunciar a falta de planificación da Xunta para afrontar un mal endémico. En Ourense non hai aseos para pacientes e o espazo para camilla é 1.35 m separados por cortinas, non existe intimidade nin espazo para familiares. Nós o que propoñemos é un acordo moi claro e moi sinxelo. En primeiro lugar, esixir á Administración que retire o Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008 do 10 de xullo de saúde de Galicia e reclamar que se invista na sanidade pública galega poñendo os medios necesarios para defender o ben máis prezado que temos que é a saúde. De momento, nesta miña primeira intervención nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourense: sí, nosotros estamos totalmente de acordo con lo que se dice al inicio de esta moción; de hecho nosotros ayer visitamos el complejo hospitalario. Es una moción muy parecida a la anterior porque se trata de la discriminación de Ourense y los recortes, cómo están afectando a Ourense, sanitarios. Ayer, como decía, estuvimos en el complejo hospitalario y estamos totalmente de acuerdo con esas propuestas. Consideramos que Ourense está eternamente discriminado y obviamente lo de la sanidad no deja de ser un grave problema y no se escapa de la discriminación la sanidad. Pero, estando totalmente a favor de ello y que ayer fuimos allí, que estamos totalmente a favor, lo que creemos es que aquí el Bloque ha cometido un error o no sé qué pasó. Pero aquí en la redacción habla claramente de una moción por una *situación provocada polo colapso do servizo de urxencias do CHUOU*;

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

*pero despois o que pide aquí se olvida totalmente de la provincia (nosotros siempre decíamos que estamos a favor del tema de la provincia) y aquí se pone a hablar de un tema autonómico donde no hace referencia a la provincia de Orense. Entonces nosotros queríamos saber si, bueno con el señor secretario, si se puede hacer, ¿cómo se dice?, in voce, una enmienda in voce en la que pedimos que en este acordo que pide el BNG que haga referencia, reclamamos, principalmente para el complejo hospitalario de Orense. Queríamos hacer esa enmienda in voce si se puede. Pedimos si, a mayores de esto, le puede poner un anexo de especialmente para la provincia de Orense que es de lo que trata sobre todo el titular de la moción. Dicho esto, decir simplemente que, al margen de esto, aunque no tiene relación, nosotros habíamos propuesto hacer (en las elecciones autonómicas nos presentamos y no conseguimos representación) queríamos hacer un plan piloto para, obviamente, solucionar el tema de la sanidad empezando por Ourense; como Ourense es la provincia más discriminada pues haríamos un programa piloto para solucionar el tema de tantas carencias en la sanidad empezando por Ourense. Si bien es cierto que el dinero de la Diputación no se debería utilizar para la sanidad porque para eso ya está el tema autonómico, simplemente recalcar, porque nos ha llamado la atención, que trascendía esta semana que la exhibición de los suevos, la muestra de los suevos, costaría en torno a medio millón de euros y subiendo (posiblemente se vaya a más) como bien citaba *La Voz de Galicia* y decir lo que es la forma de tirar el dinero. Obviamente no es que esto tenga que ir para sanidad, pero es una forma de hablar de la discriminación de la provincia que también tiene que ver esta moción. Solo poner un dato para que ustedes vean la trascendencia que tiene, o sea, 500.000 €, algo que realmente no va a tener prácticamente incidencia ni retorno económicamente para la ciudad; pero por poco más (¡ojo! Democracia Ourensana está en contra de utilizar el dinero público para el espectáculo) por poco más hubiera salvado el Club Orense Baloncesto que sí realmente tendría un impacto en la provincia en miles de personas. No estamos a favor de ello, pero de tirar el dinero, como se está tirando, mejor haberlo hecho en el Club Ourense Baloncesto porque por poco más que se va a gastar en los suevos, que no vale para nada, el Club Ourense Baloncesto hubiera estado en la ACB. De tirar el dinero, imagínate la diferencia. Hablando de FITUR, que por cierto hoy, como ayer fue el Pleno del Ayuntamiento de Orense, que era el día 25 (pensaba que hoy estábamos a 25, entonces pensé que el periódico era de ayer fuera hace seis días y fue hace siete, el*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

periódico que antes saqué), simplemente decir de FITUR que es también un tremendo engañabobos. FITUR es igual que internet. Cuando recuerdo que empezaba el tema de internet, que había que tener todos los comercios una página en internet, la gente decía y nos lo dice incluso con lo de la televisión, es que lo bueno de internet es que tú pones algo en internet y estás para todo el mundo. Tú pones algo en internet y estás para todo el mundo, claro, pero el mundo no te va a ver porque una página en internet te la ve el 0,0001 % del mundo. Lo mismo ocurre con FITUR. FITUR es una ruina (como casi todas las ferias que hay en España que son ruinosas) FITUR se hace principalmente para las Administraciones Públicas. Entonces, prácticamente allí van ayuntamientos, diputaciones (como estos que van allí en plan *palettiños* a Madrid), autonomías y varios países y administraciones y claro, hay tanta oferta que el stand de Orense no lo visitan más que los políticos y los allegados que van de Orense porque es tal la oferta exagerada que hay que eso no sirve realmente para nada. Es realmente una tomadura de pelo. ¿Por qué digo esto? Porque lo medible no es opinable. Salían estos datos también del 2017 en donde subió el turismo en toda España, excepto en Cataluña, perdón, en Cataluña no subió tanto como la media española y bajó en Orense. Prácticamente el único sitio de España en el que bajó, en Orense; el año después de haber hecho la Vuelta ciclista que se supone que es el año en el que se recogen los frutos. Bueno, pues esta es la gestión de este señor, porque lo medible no es opinable. En el año 2017, Orense tuvo un descenso de turistas ¿de qué sirvió la Vuelta a finales del 2016? Porque si lo haces a final de 2016, tienes que recoger los réditos a finales del 2016 o ya en el 2017 y hemos bajado turismo. Esta es la gestión de José Manuel Baltar, el hombre que está hundiendo (igual que ya antes hizo su padre) la provincia de Orense; lo que pasa que este con mayor rapidez y más antipatía.

Dona Isabel Gil Fernández, portavoz do Grupo Socialista: grazas. Concordamos coa moción do BNG en toda a exposición. Nós pensamos que, efectivamente estase referindo á provincia de Ourense; aínda que pidan unha sanidade pública mellor para toda Galicia, iso non ten inconveniente. Despois de dicir isto, quero falar un pouco dos rexistros. Por exemplo, rexistros de lista de espera, ben, os rexistros tamén depende que datos se lle dean ao rexistrador. Lista de espera, ata fai moi pouco, un par de meses, había nas listas de espera (todos os que traballamos no Sergas temos algunha lixeira idea) as oficiais, en A - non se ofenda- e as que estaban no caixón, en B. É dicir, as oficiais onde os doentes teñen o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

día a hora e onde teñen que acudir, esas son as listaxes oficiais; e as que están no caixón: xa o avisaremos, xa o chamaremos, esas non figuraban. Polo tanto, o rexistro non é obxectivo, o rexistro da lista de espera non é obxectivo. Agora, agora debe ser que queren eliminar as que están no caixón porque é un lío, hai moitas reclamacións, hai moitas protestas, hai moitas complicacións na espera, etc, etc... e eu estou moi sorprendida, igual non o sabe aínda, pero en primaria as listas de espera, por exemplo, de dixestivo van diminuír moitísimo, ¿por que? Porque eu, profesional médico de atención primaria, non podo derivar ao dixestivo, teño que facer unha e-consulta. É dicir, unha consulta telemática e, despois, cando me responda o dixestivo faga vostede o que está facendo, se non mellora pídalle vostede unha proba que me vai tardar, se ao *digestivo* lle tarda tres meses a proba, a min en primaria vaime tardar ao mellor cerca dun ano, unha endoscopia ou algo parecido. A parte de que só podemos pedir, como vostede sabe, varias probas, radioloxía, ecografía, endoscopia e colonoscopia. Entón, rexistros, si, *bueno*, para dicirlle a vostede que os rexistros moitas veces non son tan obxectivos; por iso o tema do REGALIAM. Servizo de urxencia. Ímonos a referir ao servizo de urxencias. Colapso, pasillos...*bueno*, vostede e eu sabemos que en época de epidemias de gripe, resfriados, catarros, sempre vai a haber este problema por moi dotados que estean os servizos de urxencias, de acordo. Pero, si que hai que dicir que o tema do servizo de urxencias, non sei como chamalo, é penoso. Os compañeiros profesionais que traballan alí, ¡Dios me libre!, todos terminarán facendo puntuación no REGALIAM. Hai unha sala de tratamento onde hai 29 doentes, 29 doentes que están a espera de probas. Non son doentes que camiñan, son doentes con moitas patoloxías e que están en *camilla* e non se manteñen de pé. 29, 29 atendidos por unha enfermeira e un auxiliar. Entón, 29 doentes metidos nunha sala que xa dixo o compañeiro do BNG, pero para que vostede se faga unha idea, que non sei se o saberá, eu estiven alí, e o que máis e o que menos desta provincia saberá do que estou falando; unha sala de doentes con pluripatoloxías en situación de enfermidade importante que están á espera de resultados para saber se quedan ingresados ou non, e a maior parte destes van a quedar ingresados, postos nunha *camilla*, son 30 *camillas* separadas por unhas cortinas que alí solo colle a *camilla*. Alí fan todo o necesario, porque están alí horas, horas, horas e horas. Entón, señor Rosendo, a sanidade pública ourensá non está ben. A sanidade pública ourensá e o servizo de urxencias do noso hospital é un agravio comparativo e un insulto e unha indignidade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

para a nosa poboación. Non hai dereito a que os doentes teñan que estar nesa situación, nin eles nin a súa familia porque xa non collen para estar pegados á *camilla*. Esta é así a realidade, e todos os que están aquí, quen máis quen menos, estiveron nesta circunstancia e saben que o que estou dicindo é verdade. O servizo de urxencias, sala de tratamento desa maneira indigna, non pode existir; hai espazo suficiente para facer unha sala de tratamento cos seus boxes e se hai que poñer máis enfermeiras e máis auxiliares, hai que dotalas, hai que contratar persoal, non restrinxir persoal. Polo tanto, na sanidade pública hai que investir, hai que dedicarlle máis atención. Espero que nin vostede, nin ninguén da súa familia, pase por esa situación, porque realmente non é unha situación digna. Sala de tratamento, indigno. Teñen espazo suficiente e agora que fixeron o novo hospital pois fagan obras e poñan unha sala de tratamento decente onde os doentes e as súas familias poidan estar con algo de intimidade para as diversas circunstancias que se dan no transcurso de moitas horas que están alí, que non as vou nomear aquí. Sala de alta resolución, *bueno*. Sala de observación, un médico, un auxiliar, unha enfermeira; reforzan de vez en cando dous médicos, é dicir, ingresados en *urgencias*, pacientes ingresados en *urgencias*, porque se supón que ao mellor o ingreso, ao mellor, é de tres días. Non me nego a que o leven para planta, pero o que non poden é estar trinta persoas, metidas nunha sala onde hai persoas cunha arritmia e problemas graves e atendidas por profesionais que están traballando e atendendo ás urxencias de demanda tamén. Servizo de urxencias, sala de observación, non é tan indigno pero si necesitaría unha sala máis reservada, pero necesitaría máis persoal. Sala de alta resolución. Non se curou nos tres días, mandámolo para a primeira planta que hai unha sala dependente de urxencias, doce pacientes, etc... Todos estes pacientes que están aí, un día, dous días, tres días – os de alta resolución máis – é no servizo de urxencias, entón, recentemente, o mércores, houbo unha concentración - ou fai 15 días - do tema das camas hospitalarias. Señor Rosendo, claro, queremos eliminar camas, xa as temos eliminadas, así están metidos no servizo de urxencias. Así están os pacientes, en lugar de estar ingresados nas súas habitacións, están metidos nos servizos de urxencias; ben na sala de observación, ben na sala de tratamento ou ben na sala de alta resolución. ¿Que si vostedes queren que os profesionais de urxencias leven ingresos, fagan ingresos tamén e leven ingresados?, ben, pero doten de espazos e de medios e de persoal; non estas situacións indignas que se están dando sobre todo na sala de tratamento. Isto en pleno

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

século XXI non pode ser, ¡non pode ser! Despois, xa os profesionais de urxencias decidiron, os de ingreso directo, eses pasan a unha sala (outra sala, non estamos falando de boxes, nin de habitacións individuais ou de dous ou tres; estamos falando de salas de 20, de 30) pasan a outra sala que se chama pre - ingresos. Alí están atendidos por outro auxiliar, outra enfermeira e veñen os médicos a pasarlle visita todos os días. Eses pre - ingresos están esperando camas, ¡camas!, 30, 20. Están esperando camas e saben vostedes ¿canto tempo están nesa sala de pre - ingreso? ¡que non son habitacións! ¡que é unha sala corrida!, ¿sabe canto tempo pasan aí? Unha media de catro a cinco ou seis, incluso sete días. ¡e aínda queremos reducir camas! A ver, señor Rosendo, toques os que queira, pero isto non llo perdo; o servizo de *urgencias* ten que ser reformado. Hai que investir aí, por favor. Non pode ser. Non pode ser que os pacientes graves, en situación grave, teñan que estar nesa situación indigna da sala de tratamento. Non pode ser que eses pacientes maiores con graves enfermidades teñan que estar noutra sala esperando o ingreso catro ou cinco días. Sala pre - ingresos se chama. Sanidade pública ourensá. Primaria. Eu estou aquí agora grazas a que os meus compañeiros do centro de saúde de Celanova teñen que atender as miñas consultas, as miñas *urgencias* e os meus domicilios, porque non se fan substitucións. Se algún dos compañeiros enferma, ou enferman dous ou tres e outros están de vacacións, hai que retardar, non hai substitutos e *usted aguante ahí mientras pueda, porque no va a dejar dos compañeros solos* (xa estou falando en castelán, Jácome, ¿viches, décheste conta do detalle?). Entón, non me vou meter moito porque eu non quero facer alarma nos cidadáns ourensáns; pero os protocolos de primaria - vostede sabe do que falo - están en recortes, recortes, recortes. O que era revisable en tres anos, agora é en cinco ou en sete, depende, e iso non é o que eu quero, nin o que queren os meus compañeiros de primaria, en absoluto; ao contrario, estamos intentando solventar estas problemáticas na medida do posible.. Non é o que queremos nós, é o que nos dita a empresa. Protocolo, protocolo, protocolo. Recortes, recortes, recortes. Estamos falando de revisións, non vou a explicar que revisións, porque como lle dixen non quero alarmar aos cidadáns e cidadás. Polo tanto, sanidade ourensá, precaria, precaria, precaria, en situacións, algunhas delas, indignas. Dígalle vostede aos seus gobernantes, e aquí móllese un pouquiño, dígalle vostede aos seus compañeiros gobernantes que invistan na sanidade pública ourensá. É necesario e imprescindible. Moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

Don Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular: moitas grazas presidente. Vamos a ser máis claros e nítidos, senón perdémonos polo camiño. Empezouse falando de suevos, do COB e de FITUR. Só recordar que o stand de Galicia si; pero o stand de Galicia non era de Ourense. Señora Gil, rexistros. Non me confunda vostede rexistros epidemiolóxicos e de mortalidade, cos rexistros de lista de espera. Lista de espera sabemos que hai lista de espera estrutural e lista de espera non estrutural; pero non me fale de caixón, que no caixón non hai nada, eu o único caixón que coñezo é o caixón de xastre, pero de lista de espera, ata onde sei e andei metido moitos anos, son: estruturais e non estruturais. Non vamos a empezar a explicar aquí o que é unha cousa e outra que non vén a conto. Fóra do Pleno non tería ningún problema en explicalo. Moitas grazas por rectificar a opinión sobre os xefes de servizo. Na primeira intervención non estivo moi afortunada, pero rectificar é de sabios e rectificou; polo tanto está ben. En cuarto lugar, xa pasei como calquera outro ser humano (non podería ser menos) polo servizo de urxencias; non eu precisamente, pero con familiares. E bastante alarma fai, bastante alarma fai, señora Gil, porque se pode definir como está o estado da sanidade e como queremos que estea, que todo é mellorable e segurísimo, segurísimo que é mellorable e se me pregunta, dígolle que é mellorable e ten que ser mellorable, pero diso a alarmar vai un longo camiño. Eu non lle vou a rebater con explicacións de tipo: *y tú más*, non é o meu estilo; nin vou a dicir, *¡líbreme Deus dun xa foi!*, non. Pero mire, vostedes, os desa bancada (os de DO non porque non estaban) non están libres de pecado orixinal, non. Fanse moito os amnésicos, fano moito, porque mire, as hemerotecas son *tercas*. 7 de febreiro de 2007, gobernaba un bipartito na Xunta de Galicia e a conselleira era da parte socialista; segundo María José Rubio - que era a conselleira - *se respondió a esta situación agilizando las altas, habilitando espacios y personal para asistir a quienes esperaban por una cama. El PSOE y el BNG niegan que haya colapso en urgencias*. Pero mire que perlas, señor Rodríguez Suárez, *habría que ver si no responde a algún tipo de protesta o huelga japonesa del personal que envía a los pacientes directamente a planta, afirmó el portavoz del Bloque Carlos Aymerich al conocer esto*. Oiga, huelga a la japonesa decía Carlos Aymerich, no había colapso, había unha folga á japonesa dos médicos. *Fíjese* con quen gobernaban vostedes, señora Gil. Tiña uns compañeiros de viaxe moi finos. Decía outro portavoz socialista, o amigo Modesto Pose, *¿qué está pasando para que se monte desde el*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

punto de vista mediático y profesional esta alarma?, se preguntó el socialista Modesto Pose. Mire como trataban vostedes os colapsos, eh, non hai moito. El representante del PP (como tamén o dixeron aquí, xa o digo, o amigo Miguel Santalices) rechazó la existencia de la conjura del señor Aymerich: no tengo el poder, ya quisiera yo, de coger a un periodista y decirle escribe esto. Señor Rodríguez Suárez, vostedes si que trataban os colapsos en urgencias, tratábanos ben. Dicía don Cayetano Rodríguez, alto responsable, o día 10 de febreiro do 2007 (pleno goberno do bipartito): en urgencias no hay colapso, sino una situación endémica. ¡Caray, como trataban vostedes os colapsos en urxencias! El responsable del Servicio Galego de Saúde admite que las urgencias hospitalarias necesitan una reforma, pero centra el debate en casi todos los países desarrollados. Eu isto voulo a deixar aquí, non vaia a pensar que é invención miña. Finalizo con outra perla, 30 do 12 do 2008, la gripe y las crisis respiratorias saturan las urgencias de los hospitales gallegos. Colapso en A Coruña, pasillos llenos en Lugo y saturación en Santiago. Esto se puede solucionar. Pero non se solucionou. Polo tanto, vostedes non están libres de pecado orixinal. Teñen os remedios agora, a feitos consumados, pero non puxeron unha pizca de solucionar nada. Era un mal endémico o colapso en urxencias, era unha conxura e unha folga á japonesa. Mire, falan e son redundantes no de sempre, a terminoloxía é a de sempre: carencias, recortes, falta de planificación, cirurxía pediátrica reducida á terceira parte. Menos mal, señores do grupo de goberno, compañeiros e amigos, hai seis meses dicían que se desmantelara o servizo de pediatría, agora está na terceira parte. Progresamos. Hai seis meses, cando trouxeron esta iniciativa aquí sobre a cirurxía pediátrica, din que o servizo está desmantelado; hoxe xa está na terceira parte. Foi unha mellora, corruptio optimi pessima, lo bueno es enemigo de lo óptimo. Poboación avellentada, sen atención xeriátrica. Mire, o de poboación avellentada é porque hai unha boa sanidade que se traduce nunha maior esperanza de vida. Polo tanto, ¡claro que hai poboación avellentada! Eu tamén quero chegar a vello ¿por que non? Se hai unha boa sanidade, chegamos a máis idade. Listas de espera en atención primaria, bueno, imos a falar de todo. Falla de atención especializada nos hospitais comarcais (¡manda truco!) e privatización de servizos (tiña que falar da privatización). Isto é o que acusan vostedes aquí que por certo, como alguén xa dixo aquí, primeiro piden unha cousa e agora esixen outra da resolución. Miren, do de cirurxía pediátrica xa falamos aquí e é verdade que, dende febreiro do pasado ano, o CHUOU que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

contaba con dous cirurxiáns pediátricos a tempo completo, co apoio de cirurxía xeral e co traslado dun deles, señora Gil e señor Rodríguez Suárez, que a iniciativa é de vostedes, coa petición propia un deles continúa mantendo as consultas; pero tamén lle dixen daquela, no mes de xullo, que o 21 de xuño concretamente coa colaboración do servizo de cirurxía pediátrica de Vigo, realízase normalmente a situación e solvéntase a situación. De forma que, no 2017 realizáronse 131 cirurxías programadas e sete urxentes cunha única derivación urxente ao Álvaro Cunqueiro. Para estar desmantelado e a terceira parte do servizo, non está nada mal. Houbo só unha derivación a Vigo. Non sendo que vostede lle teña manía a Vigo, porque antes do 2013, cando había derivacións (que tamén as había) ían ao Hospital Clínico de Santiago; agora van a Vigo. Pois non sei onde ven vostedes o desmantelamento. En Ourense realízanse, e llo podo dicir así, a práctica totalidade das intervencións precisas, tanto programadas como urxentes, ao marxe daquelas que, pola súa complexidade en nenos con baixo peso ou por nacer antes de tempo necesitan cirurxía, se lle indica que pola súa complexidade vaian ao hospital de Vigo, ao Álvaro Cunqueiro neste caso. Destacar que se está realizando unha intensa procura activa para contratar un cirurxián pediátrico máis. É máis, podo dicirlles a todos vostedes, se vostedes saben dalgún cirurxián pediátrico que queira vir a Ourense, por favor, estámolo esperando; porque o problema é que non os hai no mercado laboral. É un reto que lles lanzo, se vostedes saben dalgún cirurxián pediátrico, tráíamo por favor. Onde non hai, non se pode ter nin se pode escoller. Obxectivo irrenunciable, manter a sección pediátrica coa máxima rendibilidade posible de forma que haxa que derivar os menos posibles e só os casos moi complexos, como se envían en calquera hospital. Listas de espera en primaria: señora Gil e dígolle señora Gil porque, aínda que a iniciativa xa dixen é do BNG, vostede debería saber diso; o paciente, o enfermo que necesita ser atendido no día, é atendido no seu centro de saúde, ou fóra do horario laboral en calquera Punto de Atención Continuada. ¿Ou vostede non sabe que os Pontos de Atención Continuada o propio nome o di? É a atención continuada de primaria. Se por calquera circunstancia, porque estamos nunha fase epidémica da gripe, ou porque un compañeiro tivera que substituír a outro, non se pode atender en horario ordinario, vai ao Punto de Atención Continuada porque a continuación da asistencia primaria é asistencia primaria tamén. Polo tanto, non ten que haber para nada listas de espera. ¿Cantas veces facendo *guardia* os dous nos viña xente e dicía; é que non puiden ir pola mañá? ¿ou

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

négamo? Non mo pode negar porque é así. Polo tanto, Punto de Atención Continuada é a continuidade da asistencia primaria que se presta en horario ordinario. Polo tanto iso de dicir que hai listas de espera e dunha semana en primaria é moito dicir; e cando digo que é moito dicir, é mal dicir. Mire, a poboación avellentada sen atención xeriátrica. A verdade é que non sei quen faría esta iniciativa, señor Rodríguez Suárez. A poboación maior, non ten por si mesma un único especialista de referencia, non. Polo mero feito do criterio idade, o maior non pode ter un só especialista de referencia; xa para iso están os médicos de atención primaria que son especialistas e para iso están os internistas, o médico de medicina interna, que por certo Ourense está ben cuberta nesa materia. A sanidade pública de Ourense conta cunha óptima dotación de especialista de atención primaria que é a especialidade clínica que dá atención integral á persoa adulta dende a adolescencia ata a senectude. Polo tanto non hai déficit, métao na cabeza señor Rodríguez Suárez e dígallo a que lle dixo isto que o pronunciara, que a persoa maior non ten un só especialista de referencia; é que non pode telo. Se eu chego a maior, non quero ter un só especialista aínda que se chame xeriatra de referencia, non, por si mesmo non pode telo. Polo tanto, expliquen e non falen soamente. Píddolles que cando falen, non alarmen que é máis o que se está facendo agora. A río revolto, a ver se hai ganancia dalgún pescado. Hospitais comarcais, que falla a atención especializada. ¿Pero quen lle dixo a vostede iso, señor Rodríguez Suárez? Pero, ¿quen lle dixo que falla? Mire, grazas a esa maior coordinación que existe de recursos e persoal foi polo que se posibilitou, se fixo, se implantou o modelo de xestión integrada na provincia de Ourense. Tan só nos últimos cinco anos os pacientes de Valdeorras evitaron (fíxese a cantidade, non me equivoco) 40.000 viaxes a Ourense para acudir a consultas de probas diagnósticas e especialidades que, ata esa data, só se ofertaban no Hospital de Ourense. En cinco anos. ¿son moitos menos, verdade? Polo tanto, estes pacientes dos hospitais comarcais que teñen agora consultas de cardioloxía, de dixestivo, de endocrino, de neuroloxía, de oncoloxía e de reuma son especialidade que non estaban ata fai moito nas carteiras de servizo, e cando digo moito, hai cinco anos non estaban estas especialidades na carteiras de servizos dos hospitais comarcais e hoxe están. Estamos evitando esa cantidade de viaxes que o señor Bautista se ri diso porque sabe que son beneficiados os seus veciños. Privatización. Sempre estamos coa manida privatización. ¡Que difícil debe ser privatizar a sanidade! Porque dende que están vostedes con privatizar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

a sanidade, non a logran privatizar. Pero seguen coa manía da privatización da sanidade. Mire, como se pode falar de privatizar a sanidade e de deterioro, como pon aí, dos servizos e instalacións cando vén de facerse realidade a ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. É un *sinsentido* falar de privatización cando supuxo un investimento de máis de 41 millóns de euros que permitiron xerar unha nova superficie de 52.000 m², dos que máis de 24.000 corresponden á área de hospitalización con sete plantas e quince unidades e, como facemos iso e se invisten 41 millóns de euros de diñeiro público, estamos privatizando a sanidade. ¡Bendita privatización da sanidade! ¡Bendita privatización da sanidade! Invístese diñeiro público e privatízase a sanidade, segundo vostedes. En canto a persoal, tamén se queixan do tema de persoal. Todos queremos máis persoal, todos queremos máis medios, todos queremos máis recursos, todos queremos máis infraestruturas. Pero voulle a dicir unha cuestión, en persoal (xa está dito e díxose no Parlamento o martes e o mércores cando se tratou este mesmo tema sanitario) con respecto a Ourense contratáronse 105 profesionais sanitarios e habilitáronse 122 camas e, ademais do aumento de camas que supuxo a apertura do novo edificio, habilitáronse tres plantas do materno infantil cando foi esta epidemia. ¿Que lle pasa? ¿que non quer que llo diga? Pois teño que dicilo porque foi verdade. Como foi verdade teño que dicilo. Dende logo sei que vostede non o di, entón correspóndeme dicilo a min. Co traslado ás novas instalacións, so co traslado ás novas instalacións, o número de persoal e de contratacións subiu o 6 %. ¿Que quere, que non o diga? Pois teño que dicilo e vou dicilo. O mero feito do traslado ás novas instalacións supuxo un aumento de persoal do 6 % en diferentes categorías de persoal, tanto sanitario como non sanitario. Polo tanto, o que lamentamos é que se confundan trámites administrativos, como a convocatoria de acoplamentos, cos traslados de persoal que tamén se andou manifestando por aí algún sindicato. Podo dicirlle que non se van a reducir camas e persoal no novo edificio de hospitalización, teño que aseguralo aquí taxantemente, e que a convocatoria de acoplamentos decídeas cada hospital ou xerencia e non depende da Consellería, como tivemos que ler. É nun afán de non ler ou de que se equivocan ou manipulan. Os acoplamentos decídense aquí, estamos falando que a Consellería que os acoplamentos; os acoplamentos son un tema a nivel de Xerencia. Tamén veu un líder seu a nivel galego, o novo líder que saíu a nivel galego, veu aquí, fíxose a foto e dixo que faltaban camas estruturais. Dixen, ¡caray!, canto sabe este líder que me parece que é

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

economista, creo que é economista o novo líder galego que teñen. Falaba de camas estruturais, claro dixéronllo e soltouno, pero as camas estruturais, como tal, non se poden confundir con camas reais que son as que realmente están operativas cada día. Díganlle ao seu líder que, cando fale de sanidade, ou que llo expliquen ben, ou que non o diga; porque non quero pensar que o dixo para manipular, quero pensar que o dixo porque non era sanitario e dixo o que dixo. Colapso en urxencias (¿que pasa dona Isabel, descarga adrenalina?). Colapso en urxencias, o servizo de urxencias do Hospital universitario de Ourense mantense por riba da súa atención media, de 190 estase atendendo a 266 que son os picos máximos que se moven nos días de máxima actividade e se está dando resposta. Ao mellor habería que dala máis e mellor, posiblemente si; pero de que se lle está dando resposta seguro que si. E mire, da reforma de Lei de saúde, xa o dixemos aquí no seu momento e incluso o Grupo Socialista trouxo aquí a un líder sanitario sindical de Valdeorras. O home marchou convencido, polo que vin aquí, ¿non? Cando lle falamos da Lei de saúde, marchou totalmente convencido e polo tanto non vou a falar máis do tema. Señora Gil, señor Rodríguez Suárez, todo é mellorable e hai que mellorar; pero de facer o que se está facendo estes días coa sanidade ourensá, non merece a pena. Dende logo, eu nin ningún compañeiro meu imos dicir que é un problema endémico, ou que é unha folga *japonesa*, ou que é unha conxura. Iso díxoo o seu portavoz no seu momento, nós non dicimos iso; dicimos que, en todo caso, temos e esiximos que se mellore. Nada máis e moitas grazas.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. A sempiterna referencia ao bipartito, xa o explicaron tamén na anterior moción, que serve para xustificar moitas carencias e para botar moitos balóns fóra, neste caso como en moitos outros, tampouco ten moito sentido porque, insisto, como se dixo antes, como mínimo haberá que repartir as responsabilidades proporcionalmente. Estamos falando de que ese Goberno estivo pouco máis de tres anos; vostedes levan máis de trinta dirixindo, por dicir algunha palabra, os destinos deste país. A hemeroteca tamén está moi ben, pero a parte de todo iso a pregunta que lles fago é se pensan facer algo. Non é a primeira vez que tratamos temas relacionados coa sanidade, por desgraza, e ao final despois de escoitalo a vostede falar, en todos os Plenos que levamos, en todos os puntos da orde día onde temos debatido a respecto da sanidade en Galicia, ou da sanidade concretamente na

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

nosa provincia, a conclusión á que chego sempre ao final é que está todo ben. Debe ser que os cidadáns da provincia de Ourense nos queixamos de vicio. Levan varios días ou semanas profesionais pechados no CHUOU reclamando unha serie de... e non pasa nada. Esta semana asistimos a unha das manifestacións reclamando unha sanidade de calidade máis grandes que se recordan nesta capital e tampouco ten ningunha incidencia. Ao final a conclusión que quitamos é que aparentemente todo está ben. É mellorable, si, fan esa entre *comillas* pequena autocrítica, pero todo está ben. Voulle a dicir, porque o teño aquí tamén para o meu segundo *turno*, que aparte das carencias globais que ten a sanidade en todo o país, os cidadáns da provincia de Ourense temos motivos especiais, propios e non de menor importancia a engadir a esa listaxe de graves carencias que levamos denunciando e que levan lastrando á sanidade pública e, en concreto, á nosa sanidade pública provincial. A reforma do Complexo Hospitalario de Ourense fíxose co retraso de moitos anos. Hai que lembrar o número de veces que veu o señor Feijóo acompañado da súa curmá, a señora Eloína Núñez, a inaugura as maquetas dese proxecto; proxecto que quedou nas mans dunha empresa privada que xestiona partes vitais do mesmo (cando vostedes falan, ou falamos de privatización, referímonos a isto) como mantemento, limpeza, seguridade, aparcamentos, cafetería, etc... Ourense segue con moitos atrasos na execución do chamado Plan Director, queda unha porcentaxe importante sen executar e sen presupostar. Preténdese eliminar a área de saúde de Valdeorras (tivemos un Pleno monográfico ao respecto disto) trasladando a xestión e a toma de decisións para Ourense co que iso pode supoñer para unha zona tan afastada e con importantes déficits sanitarios. Volvo a insistir, os veciños da área de Valdeorras tamén se queixarán de vicio, polo que vemos e por iso se mobilizaron masivamente. Véndese que coa nova área de hospitalización ían a incrementarse o número de camas, pero Ourense sigue a perder camas hospitalarias; so cómpre lembrar os peches de Toén, a perda de camas no Hospital de Piñor, etc... Unha provincia como a nosa, que ten unha situación demográfica catastrófica, cunha taxa de avellentamento superior ao 30% e polo que precisa, por tanto, ter unha dotación de camas e de profesionais que as atendan axeitado; aquí case todos os meses estamos a máis do 100% de ocupación. Polo tanto, non se pode permitir esta continua sangría coas camas. Mes tras mes e ano tras ano, os colapsos e as esperas nas urxencias do hospital son constantes; pero non se toman medidas para paliar ou modificar este problema. Non se mellora a atención primaria, non se reforman os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

dispositivos de atención urxentes hospitalarios. Non se incrementa a hospitalización a domicilio. Non se dotan o suficiente os dispositivos de atención sociosanitaria. Ourense perdeu a atención as 24 horas do día (xa temos falado tamén, acabamos de facer referencia ao de cirurxía pediátrica), seguimos derivando nenos a Vigo onde teñen listaxe de espera en pediatría. A eliminación das Xerencias de Atención Primaria conlevou á marxinação desta e a súa descapitalización. O Hospital Comarcal de Verín leva camiño de desaparecer como tal, tamén se deben queixar de vicio. Desaparecen especialidades, cada vez máis derivan pacientes ao Hospital de Ourense e a súa capacidade resolutiva e de atención é cada vez menor. As últimas informacións falan de que, ante a falta de traumatólogos, se vai suplir coa contratación deses especialistas mediante unha empresa allea ao SERGAS que llos cederá como se fose unha empresa de traballo temporal. Todos os días vemos titulares que informan dos grandes avances tecnolóxicos e de futuro que se van a implementar nalgún dos andares do novo hospital, pero de pouco nos valen todos eses supostos avances se na porta do Hospital temos colas, temos camas nos *pasillos*, temos a pacientes e familiares mal tratados, temos a profesionais *queimados*, etc, etc... Señores do Partido Popular, baixen da nube tecnolóxica e póñanse a pé de obra, ao carón dos problemas urxentes dos pacientes e dos profesionais que son aos que hai que atender. Hai motivos de abondo para manifestar a nosa preocupación e a preocupación de toda a sociedade ourensá e a carraxe por todo isto. O sistema público de saúde é o xeito máis solidario e equitativo do que se pode dotar unha sociedade para prestar un servizo fundamental. O sistema público de saúde non se pode entender dende un punto de vista universal e gratuíto financiado, mellor dito, só se pode entender dende un punto de vista universal e gratuíto financiado cos orzamentos xerais. Os outros tipos de sistemas son máis caros, máis custosos, dan menos calidade e non están orientados ao ben xeral. Remato simplemente facendo referencia á proposta que nos facía de emenda o portavoz de Democracia Ourensana. Creo que o que é a problemática, na exposición de motivos está perfectamente centrada na provincia de Ourense; nós non facemos máis que padecer agravadamente, como acabo de explicar ou como intento explicar, problemas que son endémicos da sanidade e que afectan a todo o país. En todo caso, se quere que fagamos algún tipo de referencia explícita a nosa provincia, se nola concreta non teríamos ningún problema en aceptala. Nada máis de momento e moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: si, antes decir que comentamos lo de FITUR porque era un tema que la gente nos comenta en la calle, que realmente le preocupa, pensando que allí se están haciendo cosas, la gente...aunque muchos ya sospechan lo que es, turismo para casi todo el mundo que van con coches de lujo, pagando todas las dietas aquí, a disfrutar, a pasarlo bien...No todos, porque tenemos constancia de que hay otras personas, como el alcalde de Ribadavia que está aquí detrás, que va en transporte público y se toma un bocadillo rápidamente y se vuelve para casa; pero los demás están allí dándose la gran vida a costa de nuestros impuestos. Tampoco me llama la atención que estamos hablando de un tema que es muy importante pero que aquí no tenemos competencias para cambiarlo, pero hay un tema muy importante que salió este mes y que no se ha tratado aquí, que Ourense es la primera provincia de España donde hay más pensionistas que trabajadores y, curiosamente, la propuesta que se le ocurre al lumbreras este que tenemos aquí de presidente de la Diputación es que viene con un profesor universitario que dicen que lo que hay que hacer es que Ourense podría ser, ya que es la primera provincia en la que hay más pensionistas que trabajadores, que Ourense podría ser perfectamente una especie de provincia donde se ponen en plan que la Unión Europea Experimente con nosotros; es decir, que Ourense sea conejillo de indias. La solución que nos da aquí este señor a que seamos la provincia más envejecida de Europa, dice que seamos conejillo de indias. A ver los europeos qué quieren hacer con nosotros. Algo fascinante. Respecto a lo de la enmienda que pedimos aquí del Bloque, nada simplemente hacer referencia, es decir, *esixir á Administración que retire e invista na sanidade pública galega poñendo os medios necesarios para defender o ben máis prezado que temos que é a saúde*, con especial énfasis en la provincia de Ourense que la tratamos en esta relación. Nada más, simplemente una pequeña mención a Ourense y nada más. Gracias y apoyaremos la moción, claro.

Dona Isabel Gil Fernández, portavoz do Grupo Socialista: grazas señor presidente. Señor vicepresidente, Rosendo Fernández, estou abraiada, estame falando vostede dun conto infantil: *Alicia no país das marabillas*. A verdade é que non estamos falando de ningún conto e menos que os contos infantís, en particular a min *Alicia no país das marabillas* gustábame moito, non son a realidade da sanidade galega nin da nosa sanidade ourensá, ¡non por favor! Entón, di: aumentaron as contratacións a raíz do novo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

hospital etc, etc. ¡non manipule! Eu non dubido que aumentaran as contratacións coa apertura do novo hospital, porque evidentemente hai que facer traslado duns doentes ao outro; polo tanto se necesita unha serie de persoal para facer ese traslado. Iso non quere dicir que se contratara a persoal de *plantilla*, persoal eventual. Entón non manipule a información, si ten razón, pero non é do que estamos falando. Estamos falando de *plantilla*, de profesionais, de recursos humanos, materiais, etc, etc... Mire, o novo hospital. Moi bonito, uns *pasillos* moi longos, moi longos, moi longos; pero mire ¿sabe vostede - que seguro que non o sabe porque eu non o sabía- que os médicos no novo hospital non teñen sala de médicos para facer os seus informes, etc..? teñen que trasladarse ao antigo hospital para facer os seus informes; ou sexa, que o deseñador do hospital última tecnoloxía non lle fixo unha sala de médicos para realizar o seu traballo, teñen que volver ao antigo hospital a facer os seus informes. ¿Sabía vostede que as auxiliares non teñen cuñeros para a esterilización en cada habitación ou en cada dúas habitacións como anteriormente? Non, teñen que andar *pasillo* longo cos cuñeros para esterilización nunha sala ao final de toda a planta. É dicir, non vamos a contar as deficiencias, pero non diga vostede que estamos no país das marabillas, non. Estamos realmente nunha sanidade pública ourensá deteriorada. Non manipule a información, contratos si, contratos eventuais para o traslado. Doutra banda, as comarcas, que non que teñen un servizo, etc, etc.. Tamén, non é así. Non me poño a dicirlle as especialidades que reduciron no Barco, porque igual me trabuco e non quero que quede constancia pública de que dixen algunha que si existía e si existía. Pero si se reduciron especialidades públicas na comarca do Barco. Na comarca de Verín, pois o traumatólogo xa non opera, só hai un; as operacións de traumatoloxía na comarca de Verín veñen a Ourense. Polo tanto, si se están reducindo, si se están reducindo as especialidades na comarca, si, señor Rosendo. O tema da urxencia pediátrica, estamos na mesma, este tema xa o tratamos nunha moción que presentamos hai uns meses. Imos ver, só hai un cirurxián pediátrico, só hai un cirurxián pediátrico, non veu outro. Vostede sabe, como eu, que para facer intervencións de quirófano importantes necesítanse dous cirurxiáns. ¡Dous, dous! Non un. Polo tanto, esas intervencións que vostede nomeou son intervencións onde pode estar só un cirurxián, que habitualmente son cirurxía menor, porque a cirurxía maior ten que ser con dous cirurxiáns e só temos un. Haberá que buscar ese cirurxián, se vostede se compromete, a contratalo; malo será que en toda España non haxa un cirurxián

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

pediátrico. Claro, hai que pagarlle ben, hai que pagarlle ben porque para vir a vivir aquí a esta comarca, abandonada de Deus (por facer notar a miña educación en colexio de monxas). Pero non o manipule, intervencións as que dixo, si non o dubido, si, que eses datos que deu non sexan así, pero cirurxía menor; para cirurxía maior necesítanse dous cirurxiáns e vostede sábeo. Mire, remexendo na hemeroteca de fai dez anos (quen nos dera a nós dez anos menos), remexendo aí na hemeroteca de fai dez anos, non vai resolver vostede nin o seu partido político os problemas da sanidade pública da nosa provincia, señor Rosendo Fernández, están vostedes gobernando, teñen que tomar medidas. Non me veñan coa hemeroteca de fai dez anos, de cando gobernaba o bipartito... ¡vaia por Dios! (outra vez saíume). ¡Non, por favor! ¡non! ¿Vostede cre que nós estamos aquí a dicir as deficiencias da sanidade pública ourensá porque nolas inventamos? ¡Non! ¡Non, por favor! Non estamos inventando nada. As deficiencias existen. ¿Que non se van reducir camas, di vostede? ¡pero se xa levan anos que se reduciron! Entón, se non van reducir camas e non as van a aumentar; é que xa non cabe reducilas, senón que hai que aumentalas ¿por que? Porque non poden estar 29 persoas metidas en pre - ingresos cinco, seis, sete días; teñen que estar nunha habitación, hai que aumentar camas, porque o servizo de observación de urxencias, que son ingresados en urxencias tres, catro días, non poden estar nesas condicións. Señor Rosendo Fernández, ¡están vostedes gobernando! E levan moitos anos gobernando, por favor, hai que tomar medidas. Non nos conte as cousas dun xeito que vostede interpreta daquel xeito para confundir; pero non é esa a realidade. Fala das listas de espera en primaria, falaba de listas de espera o compañeiro do BNG e vostede di que non hai listas de espera en primaria; entón, dígolle, e di que eu o sei, efectivamente, listas de espera en primaria, no rural, probablemente non as haxa porque toda a persoa que vén por urxencias aténdeselle e logo teñen os Puntos de Atención Continuada pola tarde, efectivamente. Que a xente é cómoda e que algúns vaille mellor ir pola tarde, pois si, doulle a razón, pero iso non significa nada; significa que no rural probablemente listas de espera non haxa, non temos os médicos do rural. ¡Ah! Pero na cidade, que sería a onde se refería o responsable da moción, na cidade hai listas de espera, ¿por que? Explícollo, os compañeiros dun centro de saúde da cidade, aparte de atender a todos os seus pacientes de demanda e programada, teñen que atender as urxencias da tarde e os da tarde as urxencias da mañá. Entón é probable, é probable non, é seguro que hai listas de espera, evidentemente hai listas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

de espera, ¿que son listas de espera que non son unha urxencia, ou unha emerxencia? si, pero as urxencias e emerxencias hai que atendelas si ou si, ao compañeiro da mañá ou da tarde lle toque no *cupo* ou non lle deixe de tocar. Pero, demanda que non é urxente, que é preferente, pois probablemente haxa lista de espera na cidade. Iso por descontado. Entón, nin vostedes que están gobernando son malos, malos malos; nin nós que estamos na oposición reclamando somos bos, bos, bos. Pero a realidade, vostede sábeo, é que a sanidade pública ourensá ten moitas, moitas deficiencias e o servizo de urxencias do hospital necesita reformarse e camas habería que aumentar. Nada máis e moitas grazas.

Don Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: grazas señor presidente. Vou a empezar, en primeiro lugar, co segundo *desliz* que ten o señor Jácome. Primeiro dixo o pavillón de Ourense en FITUR, Ourense non puxo pavillón, é un *desliz* que, *bueno....*; pero ten outro *desliz*, di que o presidente é un *lumbreras* porque se lle ocorreu o do laboratorio. ¡Pero home, lea ben, Jácome! Foi (eu coñezoo, porque debatín con el en Telemiño fai anos) o profesor Santiago Lago o que fixo esas manifestacións. Santiago Lago que é un profesor universitario e experto elixido polo Parlamento de Galicia. Unha cousa é estar na foto cada vez que, desgrazadamente podo saír con vostede; pero eu non son igual a vostede, nin vostede é igual a min. Entón, co da foto, vostede pode ter unha opinión e eu podo ter outra e resulta que a temos e se saímos na foto, non se confunda ninguén, non é que teñamos a mesma opinión, ¡líbreme Dios!. Dito isto, polo tanto non teña tantos deslices e trate de ser máis rigoroso, porque senón vólveselle en contra; si é que lle preocupa que se lle volva en contra, que ao mellor non. Señora Gil, mire eu non dixen que estabamos nunha sanidade que fora *Alicia no país das maravillas*, é máis, dixen e volvo a dicir que temos que mellorar e que todo é mellorable en sanidade. Para estar enfermo basta previamente estar san; polo tanto todos somos potenciais usuarios da sanidade pública. Polo tanto hai que mellorar, non mencionei para nada que estabamos na sanidade en *Alicia no país das maravillas*; polo tanto retire iso. Pero de aí a ser catastrofista, tampouco; porque algunha persoa oíndoa a vostede ou ao señor Ramiro pensa que somos atendidos como os países do terceiro mundo. Xa os países do terceiro mundo e do cuarto, se o hai, estiveran tan ben atendidos como aquí. Pero que aquí temos que mellorar tamén e que temos que ser máis eficientes, pois si. Polo tanto non falo de Alicia nese país. Señor Rodríguez Suárez, a empresa privada que fixo o hospital. Pero entonces ¿quen ía facer o hospital? ¿Unha

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

empresa pública de construción? Mencionou vostede que veu unha empresa privada, deseñou unhas maquetas, despois fixo o hospital...¿que empresa pública tiña que facela? Non sei cal sería, ao mellor pódemo descifrar. Xa lle dixen que o do avellentamento é grazas á nosa sanidade, seguro que si non tiveramos unha sanidade de primeira, seguramente non teríamos tanta esperanza de vida. Iso é así. Os países do terceiro mundo, como se lles coñece, non teñen a esperanza de vida que temos aquí, de que temos unha sanidade pública rigorosa. Nos últimos 20 anos, ¿canto aumentou a esperanza de vida? É grazas á sanidade. Polo tanto, xa o sabemos. Un cirurxián pediátrico. Señora Gil, hai un cirurxián pediátrico aquí, pero vén outro do servizo de Vigo e despois hai a axuda dos servizos de uroloxía e dos servizos de cirurxía xeral. Xa lle dixen, e non vou a redundar no tema, o ano pasado só se derivou un neno ao Álvaro Cunqueiro; o demais fíxose aquí. A verdade é que se vostede non cre nos rexistros, entón mal andamos e tampouco a vou convencer. Pero vaia vostede ao CHUOU e dígalle: mire, presénteme vostede os rexistros desta materia, deste servizo, pero os que sexan verdade. Porque segundo vostede parece que hai os de mentira, parece que hai os de mentira polas dúbidas que vostede ofrece. Eu estoulle ofrecendo datos que hai do CHUOU que serán os de verdade e son os únicos que hai, tamén llos podo dicir, os de verdade. Das listas de espera di que no rural non hai porque alí hai PACS, pero aquí na cidade tamén hai un PAC; ¿ou vostede non coñece o Punto de Atención Continuada da rúa Concello, dotado de persoal suficiente? E que tivo, por certo, unha grande actividade estas *navidades*, un día que non recordo agora cal é que chegou ás 300 actuacións, máis de 300 persoas atendidas. Se hai PAC no rural, hai PAC aquí, PAC: Punto de Atención Continuada, non hai déficit, nin ten por que haber listas de espera e atención primaria. O último, mire, aumentouse un 6% o persoal vinculado ao novo centro en diferentes categorías. Como vostede convirá comigo, se aumenta o persoal, aumenta o número de camas. ¿Estamos de acordo? Porque unha cousa vai ligada á outra. Remato, o tema non dá máis de si. Dende logo, cando gobernaron non deron mostra de saber máis ca nós e con respecto a nós, ao grupo político ao que pertenzo, tamén digo e pido: temos que ser máis eficientes na atención á calidade que prestamos aos pacientes. Nada máis e moitas grazas.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: moitas grazas señor presidente. Moi brevemente para rematar, a min gustaríame que, dunha vez, ese

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

amago de autocrítica que se *atisba* agora na última intervención súa que, dalgunha maneira, tivera un resultado práctico; é dicir que non se quede nunha postura de cara á galería, expresada neste foro, senón que fagan vostedes valer o seu peso diante de quen ten que tomar as decisións que afectan á nosa sanidade e poñan en valor ese peso específico que poden ter e que realmente se reduza o diferencial que temos con outros sitios e que as nosas carencias, as que vimos denunciando reiteradamente, as que padecen os nosos cidadáns e cidadás (porque, insisto, creemos que non se queixan de vicio e que non denuncian de vicio a situación alarmante e o deterioro da sanidade pública) pois que realmente as trasladen vostedes a onde as teñen que facer e realmente se concreten en solucións aos nosos problemas. Vou rematar xa cun dito que é do seu gremio, seguramente vostede coñece mellor ca min, porque cando falan vostedes, escoitámolos reiteradamente neste Pleno ao respecto de temas sanitarios, como xa lle dixen na anterior intervención, parece que todo está ben, hai algo, algunhas pequenas melloras pero que nos queixamos por queixarnos e que a xente protesta por protestar. Dícialle que seguramente é unha frase que vostede coñece mellor que é aquela que nos explicaba cando se reunían dous médicos e falaban do resultado dunha operación, dun paciente que dicía que a operación *había sido un éxito*, pero o paciente morrera. Pois, ao falar de política sanitaria e ao escoitalos falar a vostedes eu atópome na mesma situación, escoitándoos falar as súas políticas son un éxito, son inmellorables, son as mellores políticas que se poden facer, estamos na boa dirección nesa que tanto nos venden; pero a sanidade pública non fai máis que deteriorarse e os veciños e veciñas de Ourense mobilízanse, e con razón, para defender a súa sanidade. Hai convocada, lembramos, para o próximo día 4 de febreiro unha manifestación nacional reclamando unha política sanitaria nova. Nós pensamos que, a non ser que o obxectivo sexa precisamente acabar coa sanidade pública, as súas políticas sanitarias distan moito de ser as ideais e distan moito de ser as que reclaman os cidadáns deste país e as que necesitan os cidadáns deste país e en concreto os cidadáns da provincia de Ourense. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), de Democracia Ourensana (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

8º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

O Sr. presidente anuncia que existe unha moción da Presidencia sobre a aprobación definitiva do Plan provincial, someténdose a votación a urxencia, que é declarada co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2)

8º A.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2018

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. secretario para que lle dea lectura á moción da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Moi brevemente, simplemente para indicar que o noso posicionamento neste punto vai ser igual que cando a probación inicial, vaise a votar en contra e cos mesmos argumentos que xa explicitiei daquela que é que o noso modelo de cooperación provincial vai noutra liña. Nós apostamos por un plan único, do que xa temos falado reiteradamente nesta casa, e en base a iso vamos a votar en contra como xa fixemos na aprobación inicial. Grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2018, segundo o documento inicialmente aprobado na sesión ordinaria de 22 de decembro de 2017, incorporando ó dito instrumento as actuacións que seguidamente reflíctense:

- Polo Concello de Barbadás, a obra denominada “Reforma e ampliación do camiño do cruceiro”, cun orzamento de 48.000,00 €.
- Polo Concello de A Bola, adhesión á base 9ª relativa ós concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

- Polo Concello de Ourense, a obra denominada “Mellora iluminación/eficiencia enerxética pasos termais”, cun orzamento de 48.000,00 €.
- Polo Concello de Rairiz de Veiga, a obra denominada “Acondicionamento acceso peonil piscinas municipais” cun orzamento de 48.000,00 €.
- Polo Concello de Xinzo de Limia, a obra denominada “Pavimentación da rúa Alexandre Bóveda” cun orzamento de 48.000,00 €.

Como consecuencia das ditas incorporacións, resultan as seguintes cifras definitivas de investimento:

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ESTRADAS			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
1.- Obras municipais	4.200.000,00 €	1.693.335,82 €	5.853.335,82
2.- Réxime especial para concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta	240.000,00 €		240.000,00 €
2.- Rede Viaria Deputación	2.000.000,00 €		2.000.000,00 €
TOTAL	6.440.000,00 €	1.693.335,82 €	8.133.335,82 €

PLAN COMPLEMENTARIO			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
Obras municipais	3.674.000,00 €	110.882,40 €	3.784.882,40 €
Rede Viaria Deputación	1.180.234,47 €		1.180.234,47 €

Así mesmo, rectifícase a instancias do concello a denominación da obra municipal correspondente ó concello de Leiro, resultando a denominación definitiva “Área recreativa e acceso a senda fluvial”, cun orzamento de 48.000,00 €

9º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de decembro de 2017 e das seguintes relacións adicionais: 2º de xuño e 1º de novembro de 2017.
- Deputado delegado de Facenda: mes de decembro de 2017 e das seguintes relacións adicionais: 4º de xullo, 3º de setembro, 2º de outubro e 1º de novembro de 2017.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de decembro de 2017.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de decembro de 2017 e 1º adicional de novembro de 2017.
- Decretos dos deputados que teñen delegada a presidencia de comisións informativas de xaneiro de 2017 a xaneiro de 2018.

Os membros da Corporación quedan informados.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: grazas, Sr. presidente. Teño varias cuestións. Empezarei polas máis rápidas. Segundo as nosas informacións non son só catro porteiros contratados durante a duración da exposición *In Tempore Sueborum*. Tamén hai contratado un auxiliar administrativo para o Centro Cultural e con cargo, imaxinamos, a esta partida. Pedimos na comisión que se nos trasladara a información de todos os gastos contraídos ata a data e aínda non se nos fixo chegar. Pregamos nola facilite canto antes.

Outro tema: parece que o encontro de empresarios coa delegación asiática a Ourense custou 8.500 euros. Pedimos que se nos achegue relación de facturas dos gastos ocasionados.

Enterámonos, como vén sendo habitual polos medios de comunicación, que a Deputación vén de asinar un convenio co grupo de investigación GEN ¿Pode dicirnos a canto ascende o monto económico desa colaboración?

Sr. presidente: 50.000 euros, igual que en 2017, como tiveron oportunidade de comprobar nos orzamentos aprobados no mes de setembro de 2017 para o ano 2018.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG: hai un decreto, o 991 do 28 de decembro, que di: acórdase o pagamento da factura A-114 da asociación Transparencia Pública, adxudicataria da ferramenta de avaliación da transparencia da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

Deputación por 21.538 (non é de estrañar que falen tan ben de nós). Resulta curioso observar que a Asociación privada que elabora os *rankings* de transparencia que tanto lle gustan a vostede, e que pagamos con cartos de todos, non sexa transparente na súa propia web. Non permite ver, dado que aparecen sendas páxinas en branco, cal é o seu orzamento nin cales son as subvencións que recibe esta asociación. Pregámoslle que lles pidan que dado que son a organización que mide os parámetros de transparencia doutras institucións, que prediquen co exemplo.

En relación co aboamento a distintos balnearios, por fomento do termalismo saudable e a cultura termal, pedimos tamén que se nos achegue relación detallada do número de persoas e cantidades económicas que se concederon a cada un dos establecementos da provincia que participan deste plan de termalismo.

Tamén queremos que se nos pase relación detallada dos gastos ocasionados pola viaxe a FITUR das distintas persoas desta Deputación. Tamén queremos unha relación detallada dos gastos que xerou a gala Ourensanía. E pedimos tamén copia das facturas pagadas a Viajes Puga pola viaxe da Banda de Gaitas a Roma co gallo da beatificación de Faustino Míguez e que ascenden a 21.780 euros.

Un último tema que deixo para o final porque xa o temos explicado varias veces e tratado neste Pleno. Pido desculpas por anticipado porque me vou estender un pouco, pero como hoxe imos ben de tempo supoño que me perdoarán e que me saberán entender, intentarei ir o máis rápido posible. No pleno do 26 de maio de 2017, o grupo provincial do BNG preguntáballe á Presidencia polas razóns do cambio nos supervisores de distintos contratos, entre eles, o do servizo de limpeza, recaendo este en Camilo Rodríguez, xefe do Servizo de Prevención da Deputación e concelleiro do Partido Popular en Esgos, onde vostede, señor presidente, tamén é concelleiro. Pareceunos incomprensible o cesamento da anterior supervisora do contrato, toda vez que esta foi a persoa que no seu día elaborou o prego de condicións técnicas, un documento de impecable factura, que poñía o acento en aspectos que nesta institución nunca se contemplaron. A súa resposta, presidente, ao ser interpelado polas causas do cesamento foi parca: causas de falta de dirección e organización. Pareceunos daquela, hoxe con maior motivo, que a súa contestación só pretendía saír da cuestión de puntillas, e por tal motivo, pedimos que se nos achegara un informe, tanto da anterior responsable como do actual para examinar se o cese foi debido ás

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

causas enumeradas pola Presidencia, ou puideron existir outras razóns, non confesables, que xustificaron tal decisión. Durante estes meses, o BNG foi dando sinais de que algo estaba a acontecer coas traballadoras e traballadores do servizo de limpeza das dependencias provinciais. Preguntamos se a Presidencia tiña coñecemento da existencia de litixio entre as traballadoras do servizo de limpeza da Deputación, pregunta á que vostede, sorprendentemente, respondeu negativamente. Non só vostede, senón o novo supervisor do contrato de limpeza manifestaron o seu descoñecemento sobre este particular, contestando que non tiñan constancia de tal feito. Tamén preguntabamos como actuaría a Presidencia no caso de ter constancia do feito de que a determinadas traballadoras do servizo de limpeza téñenlle prohibido falar con empregados/as desta Deputación en horario laboral. Contestounos que non tiña constancia de tal feito, pero que de ter probas diso actuaría consonte coa legalidade. O que vostede, e o novo supervisor do contrato, alegaron descoñecer era público e notorio. Efectivamente houbo un litixio entre as traballadoras que se substanciou con dúas sentenzas do xulgado do social, nas cales desestiman a demanda interposta por varias traballadoras, (unha das demandantes, número 2 da candidatura do PP de Esgos,) contra outras dúas, das que unha leva varios meses de baixa por depresión e a outra acaba de ser despedida por denunciar un presunto acoso laboral. Non sabemos se por ignorancia, cousa bastante pouco probable, coñecendo como funciona a Deputación, ou porque alguén minte deliberadamente, o que sería gravísimo, descoñezan algo que é evidente para todo o mundo agás para vostedes, e que está na base de todo canto ten acontecido a posteriori. Tamén durante todo este tempo, unha das traballadoras, así nos consta, fíxolles chegar aos vicepresidente 1º, vicepresidente 2º, directora de RRHH, e outros cargos intermedios, as súas reiteradas queixas a respecto da situación de acoso que estaba a padecer desde hai tempo no seu posto de traballo, cuestión que foi ignorada reiteradamente polos responsábeis, *a sabiendas* de que quen denunciaba non o facía só de palabra, senón que aportaba probas diversas reveladoras de comportamentos que están na base do acoso laboral. Cando se produce un caso de acoso no ámbito laboral, sole aboiar á superficie que non se trata dun caso único ou illado, e neste aspecto, a situación laboral na Deputación é desde hai tempo un *polvorín*. Moitos traballadores e traballadoras séntense coaccionados e mesmo espíados. Hai unha especie de policía política que se dedica a espíar e mandar os correspondentes informes do comportamento dos compañeiros e compañeiras.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

Por iso o nivel de desconfianza duns cara a outros é maiúsculo, o que provoca que o clima laboral nesta institución sexa cada vez peor. Diante desta situación hai moita xente que non se atreve a dicir publicamente o que está a pasar e ante o medo a ser purgado opte polo silencio. É unha sorte de *omertá* na que ninguén se atreve (agás honrosas excepcións que as hai) a dicir o que pasa. E cando falo de honrosas excepcións estoume a referir á traballadora da limpeza, D.^a Leónida Silva Dacosta, que se resistiu con dignidade a ser unha máis desa procesión de caladiños e estómagos agradecidos que campan por esta institución, a aceptar con resignación esa regra non escrita que se aplica nesta Deputación desde sempre, de que o que se move non sae na foto. Porque o que acaba de acontecer nestes días, co despedimento desta traballadora, é a proba *palmaria* de que as persoas que ameazan o status quo nesta Deputación, e que deixan en evidencia a aqueles que fan desta institución o seu *cortijo* persoal, son inmediatamente laminadas ou *represaliadas*. Como se non, se pode explicar que unha persoa que fai o traballo con esmero, profesionalidade e calidade (abondaba darse un paseo polas dependencias e espazos comúns desta casa para comprobalo) poida ser despedida? ¿Como é posíbel que unha persoa sexa despedida por facer ben o seu traballo? ¿Como é posíbel que no despedimento desta traballadora se invoquen causas obxectivas, cando todos sabemos que foi despedida por deixar en evidencia a outras persoas que non fan o seu traballo coa debida dilixencia? ¿Como é posible que se despida a unha persoa, e no seu canto se contrate outra, se reduzan horas, sen que á anterior se lle dera a posibilidade de continuar aínda que fose con menos horas? Pois é posíbel porque as persoas que quedan en evidencia e que consideran que quen fai ben o seu traballo é unha mala compañeira, son persoas do seu partido, e próximas a vostede señor presidente. Unha delas, concelleira do seu partido en Esgos, lista na que vostede foi de segundo. Outro, o que debería velar polo cumprimento estrito do prego (cousa que non pasa), persoa á que vostede lle deu a responsabilidade, logo de relevar á anterior supervisora do contrato da limpeza, é tamén persoa da súa máxima confianza, e tamén concelleiro do PP de Esgos. O resumo desta triste historia, que ten como resultado o despedimento dunha boa traballadora polo simple feito de non *amilanarse* diante das ameazas das súas compañeiras, é que, nesta Deputación, aí daqueles que alteren o natural estado de cousas, porque xa saben o que lle espera. Vostedes levan escorrendo o vulto para tapar aos seus amigos, sen querer enfrontarse coa situación. Xa llo dixemos en anteriores

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

ocasións pero volvémosllo repetir hoxe. Lembra o que dicía o informe da anterior supervisora do contrato da limpeza? (informe do que o BNG pediu autenticación ao secretario, porque ao parecer o orixinal desapareceu da face da terra). Falaba a anterior supervisora, a mesma que redactou o prego de condicións polo que se lle adjudicou a ITMA, facía constar no seu informe de avaliación: no ano 2013, o xefe do Negociado de Goberno Interior solicita a saúde laboral colaboración para implantar un sistema de mellora respecto do servizo externo de limpeza, como consecuencia da precariedade deste. Desde o Negociado de Saúde Laboral establécese un período de observación do servizo e detéctanse dous problemas fundamentais: clima laboral negativo e necesidade dun novo prego de contratación con prescricións técnicas máis concretas. Remato, écheselles a boca a todos vostedes á hora de falar de plan de igualdade de oportunidades nesta Deputación, de loita contra a discriminación e permiten que pase o que ninguén quería que sucedese, que hoxe teñamos nesta Deputación unha traballadora cunha situación diagnosticada de presunto acoso laboral, así consta no parte médico, e doutro caso de semellantes características, que remata co despedimento da que denuncia. O único que lles preocupa, señores deputados e deputadas, é que a traballadora viñera falar co BNG ¿Sabe por qué o fixo? porque en todas as portas que tocou, incluída a súa, só atopou silencio. O que aquí está a acontecer é dunha enorme gravidade. Por iso, e tendo en conta os feitos que aquí estamos a denunciar é polo que rogamos que se constituía unha comisión específica sobre esta cuestión co fin de avaliar todas aquelas cuestións en relación coa calidade da prestación do servizo de limpeza nas dependencias provinciais, dos controis que se levan exercido por parte dos responsables supervisores e das consecuencias producidas pola falla de respostas diante das denuncias feitas. Nada máis. Moitas grazas.

Sr. presidente: moitas grazas ¿algunha outra pregunta ou rogo? Si, Democracia Ourensana.

Don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: nos ímonos adscribir á petición desa comisión que acaba de facer o portavoz do BNG. Dixo que esas persoas acosadas chamaran a diferentes portas e que só atoparan silencio. Á nosa porta concretamente non chamaran ata moi recentes datas e só coñecemos esa situación en detalle desde hai moi poucos días. Unha vez coñecida a historia que tan ben acaba de relatar o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

portavoz do BNG, non podemos por menos que adscribirnos á petición da formación desa comisión como dixen antes. Nada máis e grazas.

Don Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista: bos días. Máis que unha pregunta, un rogo e unha aclaración. O señor Rosendo cando falou de que trouxeramos unha moción aquí dos de Valdeorras, do Hospital de Valdeorras, trouxeron aí un señor, non o nomeou, pero ben. Pois vouno nomear eu, porque o que trouxemos aquí foi a Orlando Saavedra Quintanilla, médico chileno, que por desgraza non puido exercer no seu país, por culpa dunha ditadura. E deste don Orlando (eu chámolle don Orlando) don Orlando Saavedra Quintanilla dise: *decidimos reimplantar la mano en O Barco porque era su única opción. El médico chileno residente en Valdeorras, Orlando Saavedra, hizo la primera operación de este tipo en Galicia.* Ano 1988, xa choveu. Pois miren, eu como valdeorrés dábame cun canto nos dentes para que tiveramos a sanidade que deixou Orlando Saavedra, director do Hospital Comarcal de Valdeorras, cando o levaron para outro sitio. Moitas grazas.

Sr. presidente: si, ¿máis rogos ou preguntas?

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: despois de escoitado o rogo ao BNG, referido á situación das traballadoras do servizo de limpeza desta institución, nós adherirnos ao seu rogo, facémolo noso. E desde logo, ante a realidade do exposto pedimos que se tomen medidas de xeito inmediato. Moitas grazas.

Sr. presidente: moi ben ¿máis rogos ou preguntas? Si.

Don José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: eu ía dicir o mesmo. Comparto o que di o portavoz do meu grupo, evidentemente, é máis, digo que incluso me consta, cando di o portavoz do BNG de que hai unha especie de comisaría política con traballadores desta casa, eu tamén o reafirmo. Porque a min mesmo me ten pasado, de ir falar con algún traballador e ao minuto sábeo a Presidencia, como se fose falar, non sei, o demo. Ao mellor para pedir explicacións sobre algunha cousa que funciona mal en concreto, e iso chámase acosar, e iso é verdade e a min, xa digo, que me consta. Eu quería facer varias preguntas: unha, presidente vostede, non sei se o sabe ou non pero polo menos cando se fan achegas desde esta casa supoño que se saberá con base a que existen ¿cantos equipos de fútbol base e de fútbol sénior e de fútbol modesto ou semiprofesional ou como lle queiramos chamar, existen no Concello do Pereiro de Aguiar? ¿Pódeme contestar a esa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de xaneiro de 2018

pregunta? ¿cantos nenos ou nenas se dedican ao deporte do fútbol nese Concello? Digo isto porque evidentemente dúas instalacións deportivas no mesmo ano de campos de fútbol de herba artificial para un só concello... Creo que os demais teremos algo que dicir, incluso algúns que están aquí, non sei se é moito ou se é pouco, ao mellor eu estou errado e de repente pois hai máis nenos que poboación nese concello, porque outros que temos a poboación semellante e demais, aínda estamos agardando. Outra cousa que si que descoñezo, non sei se se enviou, é que aquí existía un convenio coa Dirección Xeral de Deportes e coa propia Deputación, onde aprobamos 500.000 euros, se non estou errado, de achega da propia Deputación e doutros 500.000 que ía achegar a propia Dirección Xeral ¿pódeme dicir en que se investiron, en que concellos se investiron, a que achegas foron destinados e se algunha das actuacións que nomeou antes ían nese convenio? Se fai o favor de contestarme, supoño que o saberá.

Sr. presidente: contestaráselle por escrito ¿algunha outra cuestión máis? Pois, se non hai, levántase a sesión e moitas grazas pola asistencia.

E, ás 13.30 horas do día 26 de xaneiro de 2018, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,